

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 24 DE NOVEMBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para a adquisición de bicicletas e patinetes eléctricos, así como para a dotación de estacións de reparación e puntos de recarga, no territorio das Rutas do Viño de Galicia co obxectivo de fomentar a mobilidade sustentable, ao abeiro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria como anticipado de gasto para o ano 2026, por un importe de catro millóns de euros (4.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón das convocatorias de axudas en materia de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, tramitadas como anticipado de gasto para o ano 2026.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación, suxeita a regulación harmonizada, do servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes na Residencia de maiores de Ribeira. Tramitación anticipada do gasto. Importe de licitación: cinco millóns seiscientos corenta mil novecentos oitenta euros con oitenta céntimos (5.640.980,80€). Valor estimado: dezaseis millóns douscentos cincuenta e oito mil setecentos catro euros (16.258.704,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón do potencial de elementos críticos en Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o Programa galego de intelixencia artificial 2026-2028.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións de creación de solo residencial destinado a vivendas protexidas no concello do Porriño.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o Contrato-Programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a cobertura das necesidades en materia de análises e probas xenéticas e a implantación e desenvolvemento da carteira xenómica no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, para o desenvolvemento de proxectos de programación musical en salas privadas e a súa convocatoria para o ano 2026, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00 €), tramitado como anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións a festivais do sector audiovisual celebrados en Galicia e se convocan para o ano 2026, por importe de trescentos dez mil euros (310.000,00€), e tramitado como expediente anticipado de gasto.
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións á creación audiovisual para a promoción do talento audiovisual galego e se convocan para o ano 2026, por importe de cento setenta e seis mil euros (176.000,00 €), e tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e á exoneración de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, á creación escénica e a súa convocatoria para o ano 2026, por importe de oitocentos setenta mil euros (870.000,00€), e tramitado como expediente anticipado de gasto.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual para a ampliación do crédito orzamentario previsto na Orde do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, resultando un importe total de once millóns seiscentos trinta e dous mil quince euros con doce céntimos (11.632.015,12 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural a eximir as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir ao abeiro do proxecto de Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas para o control de rendemento leiteiro ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, de conformidade co artigo 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Tramitación anticipada de gasto. Importe total un millón de euros (1.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería do Medio Rural para a exención da achega de garantías ás persoas beneficiarias de pagamentos á conta das axudas concedidas ao abeiro da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agrícolas e alimenticios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027, e se convocan para o exercicio orzamentario 2026, por un importe de tres millóns douscentos corenta e un mil douscentos corenta e un euros (3.241.241,00 €). Tramitación anticipada de gasto.
- Acordo polo que se autoriza o encargo a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., SME, MP (TRAGSATEC) para a realización dos Programas de sanidade e produción animal en Galicia durante o ano 2026, por un importe total de sete millóns cento sesenta e seis mil seiscentos sesenta e cinco euros con corenta e un céntimos (7.166.665,41 €), tramitado como anticipado de gasto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización do proxecto “Estudo integral da calidade ambiental dos sedimentos en relación coa perda de capacidade produtiva dos bancos marisqueiros de bivalvos na ría de Ferrol. BIVAFERROL”, para o período 2026-2027, por importe de douscentos cinco mil setecentos cincuenta e sete euros con sesenta e un céntimos (205.757,61 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Galicia Europa para o desprazamento dunha persoa empregada pública a Bruxelas en virtude da disposición adicional segunda da Lei 10/2021, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre a rede CIGUS e a súa capacidade de captación de recursos no ámbito da I+D+i.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato de “Reforzo de firme nas estradas AC-841, AC-543, AC-960 e AC-261”, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns catrocentos setenta e un mil novecentos sesenta e tres euros con setenta e oito céntimos (3.471.963,78€).
- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato de “Reforzo de firme nas estradas LU-021, LU-115 e LU-541” de clave cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de dous millóns seiscentos setenta e tres mil trescentos oitenta e cinco euros con noventa e cinco céntimos (2.673.385,95€).
- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato “Reforzo de firme nas estradas OU-102, OU-104, OU-105, OU-150, OU-320 e OU-537” cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de dous millóns trescentos corenta e catro mil cento dezasete euros con setenta e sete céntimos (2.344.117,77€).
- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato “Senda na AC-552 entre Arteixo e Lañas” cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de oitocentos sesenta e cinco mil catrocentos trinta e tres euros con vinte e un céntimos (865.433,21€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a próxima licitación, por tramitación anticipada de gasto, do contrato "Reforzo de firme nas estradas PO-548, VG-4.2, PO-224, PO-305 e POI-316", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de dous millóns cento corenta e un mil sete euros con cincuenta e catro céntimos (2.141.007,54€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe Balance de execución do Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria (2021-2025).
- Informe sobre os resultados do cribado de violencia de xénero realizado nas pacientes dos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre o programa Galicia Suma Talento: Emprégate, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no que se establecen incentivos para a contratación indefinida par persoas con maiores dificultades de acceso ao emprego.
- Informe sobre o proxecto Prato de mercado.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre os resultados da campaña Bono Peixe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4 M€ AO FOMENTO DA MOBILIDADE SUSTENTABLE NOS ESTABLECEMENTOS E ADEGAS DOS TERRITORIOS DAS CINCO RUTAS DO VIÑO DE GALICIA

A medida enmárcase na aposta do Executivo autonómico pola posta en valor dos recursos enogastronómicos da comunidade e a optimización da experiencia enoturística

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da liña de axudas que subvencionará a compra de bicicletas e patinetes eléctricos, así como a dotación de estacións de reparación e puntos de recarga, no territorio das Rutas do Viño de Galicia. A iniciativa suporá un investimento de 4M€ financiados polos fondos NextGeneration da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Esta medida recoñece a peculiaridade da oferta enoturística, caracterizada pola súa dispersión, e afróntaa a través do fomento a mobilidade sustentable, un proxecto que se enmarca no Plan territorial enoturismo de Galicia 2023-2025 que conta cun orzamento global de máis de 34M€. En concreto, desde Turismo de Galicia búscase incorporar a mobilidade a parte da experiencia enoturística, de tal modo que se promova un modelo respectuoso coa contorna.

Para isto, a subvención céntrase no impulso á instalación e posta en funcionamento nos territorios das cinco Rutas do Viño de Galicia de bicicletas e patinetes eléctricos, estacións de reparación e puntos de recarga, así como a creación dun sistema de xestión destes vehículos eléctricos e a comunicación destas experiencias.

Esta convocatoria está dirixida a aquelas persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e ás empresas titulares de adegas, sempre que cumpran unha serie de requisitos, como estar no territorio das cinco denominacións de orixe galegas -Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras- e dadas de alta no Rexistro empresas e actividades turísticas da Xunta (REAT).

Na resolución aprobada hoxe recóllense catro liñas de actuación subvencionables. A primeira está centrada no establecemento de estacións de reparación para bicicletas e patinetes eléctricos e puntos de recarga para a adaptación ao cambio climático do destino –dotada con 1,6M€–, así como para a restauración paisaxística das áreas onde se crean os puntos de recarga, para o que se destinan 400.000€. Trátase da liña que maior gasto concentra.

A liña 2 abrangue a compra bicicletas e patinetes eléctricos destinados ao préstamo, e conta cun orzamento previsto de 920.000€. O terceiro eixe de acción correspóndese coa creación e implantación de proxectos dixitais que desenvolvan o sistema de xestión dos vehículos eléctricos, con 510.000€ de gasto estimados. Por último, recóllese unha partida focalizada na creación de sinalética e na comunicación e información das experiencias creadas cos vehículos eléctricos, para o que se reservan 545.000€.

Está previsto que a resolución da convocatoria se publique proximamente no *Diario Oficial de Galicia*. Unha vez transcorridos oito días naturais desde o seguinte ao da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

publicación, as persoas interesadas terán dous meses para presentar a súa solicitude. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa ata o 30 de xuño de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ EN DECEMBRO 8 LIÑAS DE AXUDAS POR 3,25 M€ PARA GARANTIR O EQUILIBRIO ENTRE FAUNA SILVESTRE E SECTOR PRIMARIO, AVANZAR NO COIDADO DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS E PRESERVAR AS ÁRBORES SENLLEIRAS

- Destinaranse 1,33 M€ a apoiar a concellos e entidades protectoras cos gastos para garantir o coidado, a manutención e o benestar dos animais que teñen ao seu cargo
- Por terceiro ano consecutivo haberá tamén incentivos económicos de ata 150 € para fomentar entre a cidadanía galega as adopcións de cans e gatos sen fogar
- Con relación á fauna salvaxe, porase á disposición das explotacións profesionais ou de autoconsumo un orzamento inicial de 1,4 M€ para paliar os danos do xabaril
- Tamén se convocarán incentivos de como máximo 10.000 € para colaborar cos Tecores na execución de diferentes actuacións sobre terreos e hábitats cinexéticos
- Os titulares de árbores e formacións senlleiras poderán optar un ano máis a achegas de ata 8.000 € para fomentar a conservación e posta en valor destes elementos
- Estas ordes forman parte dun paquete máis amplo de axudas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para 2026 destinadas a conservar o patrimonio natural e a biodiversidade galegos e integrado por 13 liñas cun orzamento de 5,3 M€

A Xunta de Galicia convocará ao longo do mes de decembro un total de oito ordes de axudas dirixidas a diferentes colectivos e co obxectivo común de financiar actuacións e medidas que contribúan á conservación da biodiversidade e do patrimonio natural da Comunidade. O Consello tomou razón hoxe da próxima publicación destes incentivos, tramitados por anticipado de gasto e que suman un orzamento de 3,25 millóns de euros, cos que a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático lle dará continuidade ao esforzo realizado neste eido nos últimos anos.

En concreto e para seguir avanzando na protección e no benestar dos animais domésticos, convocaranse dúas ordes dirixidas a apoiar no seu labor aos concellos que acollan animais ou xestionen colonias felinas e ás entidades legalmente constituídas e inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía. O orzamento para ambas liñas de axudas ascende a 1,33 millóns de euros.

Entre os gastos subvencionables no caso das entidades locais (cun orzamento reservado para o ano que vén de 850.000 euros) inclúense aqueles relacionados coa esterilización cirúrxica, a identificación mediante *microchip*, o pasaporte sanitario e a inscrición dos exemplares ao seu cargo no Rexistro galego de identificación de animais de compañía (Regiac), pero tamén os custos derivados da súa alimentación, vacinación preventiva e desparasitación, entre outras medidas profilácticas.

En canto á liña de apoio ás protectoras titulares ou que xestionen algún centro de recollida autorizado en Galicia (dotada de 480.000 euros), poderán solicitar axudas para cubrir calquera dos gastos antes mencionados e tamén para a compra do material e dos medios que necesiten para garantir a xestión e o manexo dos animais ao seu cargo —por

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

exemplo, remolques de transporte, software específico, dispositivos electrónicos para mellorar a xestión do centro ou equipamento veterinario non consumible, entre outros—.

Así mesmo, todas as entidades protectoras debidamente rexistradas na Comunidade tamén terán acceso aos incentivos da Xunta cando realicen campañas de concienciación, promoción da tenza responsable e fomento das adopcións, aínda que non xestionen nin sexan titulares dunha instalación dedicada a este fin.

Ademais, co fin de animar á cidadanía a facerse cargo dun animal abandonado, por terceiro ano consecutivo tamén se convocarán incentivos de ata 150 euros dirixidos a particulares que adopten un can ou un gato a través dalgún dos centros de recollida autorizados que hai en Galicia. O orzamento previsto neste caso é de 25.000 euros e cubriranse adopcións realizadas entre o 1 de outubro de 2025 e o 31 de agosto de 2026.

Xabarl, oso e ordenación cinexética

En materia de xestión da fauna silvestre e ordenación da actividade cinexética, o Consello deu o visto e praxe á próxima convocatoria de tres ordes de axudas. A de maior contía irá destinada a compensar os danos causados polo xabarl tanto en explotacións profesionais como en terras de cultivo agrario para autoconsumo, cun máximo de 2.750 euros por subvención. O orzamento inicial asignado a estas achegas é de 1.405.832 euros aínda que cabe a posibilidade de reforzalo en función do crédito dispoñible.

Ademais, volverá haber apoios para os titulares de colmeas, de gando ou de rolos de herba que resulten prexudicados por ataques de osos, unha liña dotada para o ano que vén de 135.000 euros co fin de fomentar a coexistencia desta especie silvestre en perigo de extinción coas actividades agrogandeiras das zonas oseiras da Comunidade.

No caso dos titulares de terreos cinexéticos ordenados (Tecores) a convocatoria de 2026 dirixida a este colectivo disporá dun orzamento de 270.000 euros e dividirase en dúas subliñas en función das actuacións subvencionables: aquelas destinadas a mellorar os hábitats cinexéticos mediante labores de roza e trituración do mato ou fertilización e sementeira de cereal, entre outras (cun límite de 10.000 euros por achega) e as dirixidas á construción de tobeiras artificiais (con axudas de ata 6.000 euros).

Árbores senlleiras

Por outro lado, o Consello tamén foi informado de que, en materia de protección do patrimonio natural e cultural da Comunidade, a Xunta publicará nas vindeiras semanas dúas liñas de subvencións para a posta en valor e conservación dos exemplares que forman parte do Catálogo galego de árbores senlleiras.

Este ano, como novidade, considerouse convinte incluír como criterio de valoración das solicitudes que o elemento en cuestión estea localizado nalgún dos municipios que se viron afectados polos incendios do pasado verán.

En concreto, reservaranse 30.000 euros para apoiar a concellos ou agrupacións locais titulares dalgún destes elementos e outros 60.000 euros para propietarios particulares.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O importe das axudas poderá cubrir ata o 100% dos gastos subvencionables realizados ata o 15 de outubro de 2026 —entre os que se inclúen traballos de poda e control da copa, tratamentos fitosanitarios, retirada de elementos prexudiciais ou accións de divulgación e sinalización— cun límite de 8.000 euros no caso das formacións senlleiras e de 4.500 euros cando se trate dunha árbore.

Cómpre salientar que o Catálogo galego de árbores senlleiras suma a día de hoxe un total de 205 elementos —157 exemplares e 48 formacións— pertencentes a 84 especies distintas, aínda que se trata dun rexistro vivo e, polo tanto, en constante actualización.

Con estes apoios, a Xunta leva anos contribuíndo a que os titulares executen accións destinadas a garantir o mantemento, posta en valor e protección destes exemplares singulares, que en atención ás excepcionais características do seu porte, proporcións, idade, rareza, significación histórica ou cultural, interese científico, educativo, estético, paisaxístico ou outro tipo de circunstancia son merecedores dunha especial protección.

Biodiversidade e patrimonio natural

As oito ordes ratificadas hoxe polo Consello serán as primeiras en convocarse no marco dun paquete de axudas máis amplo, dotado dun orzamento global de 5,3 millóns de euros e co obxectivo común de apoiar ao longo de 2026 diferentes tipos de accións que contribúan á conservación da biodiversidade e do patrimonio natural de Galicia.

Agrupadas en tres bloques (ordenación cinexética e piscícola e fomento da coexistencia entre fauna silvestre e actividade agrogandeira; protección dos animais de compañía abandonados, e conservación da biodiversidade vexetal), serán en total 13 liñas de axudas coas que se cubrirá parte ou o 100%, segundo cada caso, dos custos derivados de actuacións, medidas preventivas e investimentos realizados neste eido por parte de administracións locais, protectoras de animais, entidades de pesca continental, titulares de terreos cinexéticos ou particulares e propietarios de explotacións agrogandeiras.

Deste xeito a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático daralle continuidade ao esforzo que vén realizando nos últimos anos para apoiar a outras entidades e administracións públicas en materia de conservación da flora e da fauna de Galicia e no mantemento do imprescindible equilibrio entre a actividade do sector primario e a fauna silvestre coa que comparte territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 5,6 M€ A XESTIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE RIBEIRA

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, prorrogable ata un máximo de cinco

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe á licitación do contrato de xestión do servizo de atención residencial a persoas maiores dependentes na residencia de Ribeira, de titularidade autonómica. O obxectivo deste contrato é consolidar as prazas públicas xa existentes neste centro: un total de 106.

A duración inicial do contrato será de dous anos e abarcará desde a data da súa sinatura, prevista para o día 26 de marzo do 2026, ata o 25 de marzo do 2028. Existe a posibilidade de prorrogalo por períodos máximos dun ano ata un total de cinco. O orzamento base de licitación é de 5,6 millóns de euros e o valor estimado do contrato, tendo en conta as posibles ampliacións, é de 16,2 millóns de euros.

Tras a autorización do Consello da Xunta de Galicia, procederase a publicar o anuncio de licitación na plataforma de contratos públicos de Galicia e no *Diario Oficial de la Unión Europea* (DOUE), e concederase un prazo de 30 días naturais para a presentación de ofertas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE O VALOR ECONÓMICO MINEIRO DE GALICIA PODE ACADAR OS 45.000 M€ AO CONTAR CON MÁIS DA METADE DAS MATERIAS CONSIDERADAS CRÍTICAS POLA UE

- Asegura que un estudo revela que “Galicia rexistra unha das concentracións máis significativas de minerais críticos de Europa occidental”
- Salienta que Galicia “ten unha oportunidade” na explotación destas materias primas “fundamentais para o sector da tecnoloxía dixital, a automoción ou a defensa”
- A conselleira de Economía e Industria resalta que o informe, elaborado no marco dunha colaboración coa USC, revela a existencia de cinco corredores principais: Santiago-Touro-Lalín; Cabo Ortegal-Moeche; Penouta-Forcarei; San Fins-Santa Comba; e Vigo-Tui-O Porriño
- “Galicia ten uns factores xeolóxicos únicos”, salienta Lorenzana

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe dos resultados dun estudo realizado no marco dunha colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) sobre o potencial de elementos críticos en Galicia que revela que “o valor mineiro da comunidade pode alcanzar os 45.000 millóns de euros xa que rexistra unha das concentracións máis significativas de minerais críticos de Europa occidental”.

En concreto, o informe estima que os recursos identificados na comunidade autónoma teñen un valor económico de entre 25.000 e 45.000 millóns de euros, localizando en territorio galego 18 dos 34 elementos identificados coma críticos pola Unión Europea (UE). “É dicir, máis da metade deses elementos identificados”, indicou.

Ademais, tal e como explicou Rueda, o estudo identifica cinco corredores principais destas materias primas “fundamentais para sectores punteiros coma a automoción, a tecnoloxía dixital, o hidróxeno verde ou o sector da defensa”: Santiago-Touro-Lalín; Cabo Ortegal-Moeche; Penouta-Forcarei; San Fins-Santa Comba e Vigo-Tui-Porriño.

A conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, indicou que o corredor Santiago-Touro-Lalín é rico en cobre, cobalto, zinc, galio, xermanio e indio e estendese nunha lonxitude duns 80 km e 15 de ancho, abarcando unha área total de 1.200 km². “É o maior depósito de cobre en Galicia”, resaltou e unha zona crítica para tecnoloxía dixital, enerxías renovables e electrificación.

En segundo lugar, o corredor Cabo Ortegal-Moeche, rico en cromo e elementos do grupo do platino, que cos seus 25 km de lonxitude e cunha anchura de 8 km abarca unha área de 200 km². Ten un importante valor estratéxico para sectores como o hidróxeno verde, electrónica ou automoción. O terceiro corredor, Penouta-Forcarei (tantalio, niobio, litio, estaño), conta con 35 km de longo e cunha anchura de 12 e abarca unha área de 420 km². As materias primas desta zona son fundamentais para a industria tecnolóxica, para almacenamento enerxético e superalixes. É o único lugar con produción activa de tantalio en Europa.

San Fins-Santa Comba (volframio, estaño e bismuto), con minerais esenciais en aliaxes de alta dureza, ferramentas industriais, defensa e electrónica de potencia, ten unha lonxitude de 45 km, unha anchura de 18 km, e abarca unha área de 810 km². Por último,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o corredor Vigo-Tui-Porriño (terras raras), esténdese por unha lonxitude de 60 km, cunha anchura de 20, abarcando unha área de 1.200 km². É clave para a transición enerxética.

O potencial

O informe proporciona, ademais, unha avaliación integral do potencial de elementos críticos para a toma de decisións estratéxicas no ámbito dos próximos concursos de dereitos mineiros e na ordenación mineira en xeral. Así, toma como base 42.847 mostras xeoquímicas tomadas polo Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IGME) e a caracterización específica de 127 zonas prospectivas prioritarias, demostrando que Galicia alberga recursos primarios significativos de gran parte dos 34 materiais críticos identificados pola Unión Europea (UE). En concreto, destas 34 materias primas, na Comunidade detéctanse 18 delas -un 53 %- cun potencial significativo, di o documento.

No informe, tal e como explicou a conselleira, indícase de maneira concluínte que "Galicia posúe un potencial moi importante" para elementos críticos ao presentar "factores xeolóxicos únicos e un contexto xeopolítico favorable". Pola súa parte, o presidente salientou que estes minerais son "unha oportunidade para Galicia" que hai que aproveitar "con prevención e rigor" para "garantir unha explotación sustentable".

Na actualidade, Galicia xa conta con proxectos mineiros para a extracción de materias primas críticas e estratéxicas que se atopan en tramitación. Así, a Xunta, a través da Consellería de Economía e Industria, está a realizar un labor de ordenación mineira e potenciación destes recursos, convocando concursos de dereitos mineiros caducados para as catro provincias que permitan investigar zonas ata o de agora limitadas por non ser rexistrables.

Neste sentido, no ámbito destes cinco corredores identificados no informe hai explotacións activas, entre as que destacan: Magnesitas de Rubián no Incio (Lugo), onde se extrae magnesio, e a mina de San Xoán, de volframio, na Gudiña (Ourense).

Lei de recursos naturais

Por outra banda, existen tamén antigas explotacións como as minas de Santa Eufemia, de antimonio, en Folgoso do Courel (Lugo) ou de titanio, en Ponteceso (A Coruña). Pero ademais, entre os proxectos que se pretenden reactivar e que están en distintas fases de tramitación están a mina de Touro (A Coruña) e a da Penouta en Viana do Bolo (Ourense), que conta con minerais como o cobalto e o tántalo, ou o coñecido complexo para litio, Alberta, entre as provincias de Pontevedra e Ourense, onde se está a tramitar o pase a concesión de explotación da mina Doade, considerada estratéxica pola UE.

Nunha clara aposta polo sector, a Administración galega convocou novamente en xaneiro de 2025 os concursos de dereitos mineiros caducados para as catro provincias cun resultado final de 18 solicitudes para A Coruña e de 2 para Ourense.

Para o efecto, tense previsto novas convocatorias para comezos do ano 2026, e nelas, ademais de materias primas clásicas, priorizaranse dereitos mineiros caducados que xa pertencen netamente ao grupo de sustancias primas críticas, como os de litio ou volframio. Os dereitos outorgados deberán cumprir os requisitos que establece a Lei de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recursos naturais de Galicia, que determina que parte dos beneficios deben quedarse no noso territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA UN PLAN PARA XENERALIZAR O USO DA IA NA ADMINISTRACIÓN, NAS EMPRESAS E NO DÍA A DÍA DA CIDADANÍA GALEGA

- Destaca que un dos obxectivos do Programa galego de intelixencia artificial para o período 2026-2028, dotado de 54 M€, é ampliar os servizos con IA que a Xunta ofrece á cidadanía
- As novas ferramentas permitirán mellorar as canles de atención aos cidadáns, xestionar con maior rapidez e eficacia os procedementos e tramitacións e mellorar os servizos públicos con solucións sectoriais adaptadas ás necesidades de Galicia
- Galicia usará a IA, entre outros aspectos, para a xestión forestal e defensa do monte; o manexo de emerxencias e a seguridade; a mellora da mobilidade e o transporte ou a xestión da vivenda e do solo
- A Xunta creará subvencións para implantar esta tecnoloxía no tecido produtivo e promover a investigación neste eido

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou esta mañá o Programa Galego de Intelixencia Artificial 2026-2028, "a folla de ruta para avanzar moito e intentar xeneralizar o uso desta tecnoloxía na administración, nas empresas e no día a día dos galegos".

Segundo afirmou Rueda, estará dotado de 54 de millóns de euros e, entre os obxectivos principais, está "ampliar os servizos públicos" que a Xunta ofrecerá á cidadanía a través desta ferramenta en eidos como a administración, a sanidade ou a xestión de residuos.

Trátase dunha segunda fase da Estratexia Galega de IA 2030, unha vez conseguidos os obxectivos de despregar un marco operativo, tecnolóxico e normativo para o desenvolvemento ordenado desta tecnoloxía en Galicia.

As liñas de actuación do Programa articúlanse arredor de catro eixes: Galicia Rexión Intelixente, que formula actuacións enfocadas a promover as capacidades estruturais sobre as que cimentar o desenvolvemento da IA na rexión; Talento e competencia en IA ao longo da vida, para capacitar a cidadanía, reducir os riscos e promover talento especializado; Adopción estratéxica da IA, para promover a adopción da IA tanto na Xunta como nas pemes e grandes empresas; e I+i, orientado ás necesidades da economía galega, para a promoción de proxectos de investigación e innovación sobre IA no ecosistema académico e investigador galego.

O Programa marca o camiño para a creación en Galicia dunha infraestrutura dixital e de servizos adaptada para aproveitar as potencialidades da IA. Para que as solucións de IA sexan eficaces é necesario dispoñer dunha plataforma transversal para o almacenamento, a analítica e a xestión dos datos que manexa a Administración. A Plataforma de servizos transversais de analítica avanzada de datos e IA de Galicia inclúe tamén mecanismos para vixiar o funcionamento dos sistemas, así como espazos controlados para facer probas, e modelos propios de linguaxe.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta disporá, así mesmo, de servizos de apoio especializado para a xestión dos datos que darán soporte a todas as plataformas sectoriais.

A IA para mellorar a Administración

Entre os usos da IA previstos no Programa, no que se refire á Administración destacan a xestión intelixente da atención á cidadanía, para ofrecer información actualizada e dispoñer de asistentes virtuais que informen sobre todo tipo de trámites e procedementos; ou a xestión e tramitación electrónica intelixente de procedementos administrativos para que resulten máis áxiles e sinxelos.

A IA para mellorar os servizos públicos

En canto aos servizos públicos, entre as liñas de actuación do Programa atópanse a xestión intelixente de residuos e autorizacións ambientais, inspección, supervisión, avaliacións e monitorizacións ambientais; o uso da IA para a anticipación de riscos e emerxencias mediante a análise de datos a tempo real e a mellora na coordinación e resposta dos servizos de emerxencias; a mellora da xestión do transporte público a través dunha plataforma intelixente de transporte que analiza escenarios e as necesidades das persoas usuarias; a implantación de sistemas de predición, detección temperá e resposta coordinada dos incendios forestais, ou a reestruturación parcelaria intelixente para planificar e executar procesos de organización do territorio agrícola.

Outras actuacións previstas refírense á tramitación de axudas, planificación e xestión automatizada do solo residencial, das vivendas protexidas de promoción pública ou do control da calidade das edificacións; a análise intelixente para adecuar e poñer en contacto a oferta e a demanda de emprego; a creación de asistentes intelixentes para solucionar dúbidas ou xestionar citas no sistema de saúde; ou o uso da IA para o apoio na toma de decisións de xestión sanitaria; control de estudos de investigación e ensaios clínicos etc.

Apoio á implantación da IA nas administracións locais e nas empresas

O Programa prevé tamén iniciativas para fomentar a adopción de tecnoloxías de intelixencia artificial no ámbito da Administración local de Galicia. Promoverase a simplificación e axilización dos procesos de contratación de solucións de IA a través da adhesión a acordos marco, como xa se fai noutros ámbitos, como a ciberseguridade. A Xunta tamén facilitará a reutilización dos seus proxectos de IA por parte das administracións locais.

O titular do Goberno galego afirmou que tamén apoiará e impulsará a adopción da IA polas empresas galegas “no seu funcionamento diario” a través do *Programa de axudas IA 360* para aumentar a súa produtividade e competitividade; e a través da liña de apoio *Ticket Innova* para incentivar o uso de servizos para o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación nas pemes, especialmente as pertencentes a sectores tradicionais non tan intensivos en innovación. A estas axudas destinaranse 4 millóns de euros e saíran convocadas en xaneiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Promoción de proxectos de investigación e innovación sobre IA

Finalmente, tal e como sinalou o presidente, o Programa inclúe medidas para apoiar o talento investigador, como axudas pre e post doutorais, así como doutoramentos industriais. Tamén habilitará axudas para a consolidación e crecemento dos grupos de investigación e para consolidar a excelencia dos centros de investigación.

Para garantir a implantación da intelixencia artificial de acordo con esta liñas estratéxicas, a Xunta está a crear órganos de goberno da IA, como a Oficina Galega de IA, o Consello Galego de IA ou as figuras dos comisionados. Tamén porá en marcha instrumentos de garantía de transparencia e uso ético, como o Inventario de sistemas de IA. Ao mesmo tempo, elaborará estudos de medición do impacto da intelixencia artificial nos diferentes ámbitos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO INICIO DO EXPEDIENTE PARA A DECLARACIÓN DE INTERESE AUTONÓMICO DO ÁMBITO PARA DESENVOLVER SOLO RESIDENCIAL PARA 300 VIVENDAS NO PORRIÑO

- Trátase de desenvolver solo para construír vivendas na zona próxima ao pavillón municipal de deportes do Porriño
- A delimitación proposta do PIA do Porriño ten unha superficie total de 4,3 hectáreas en que, inicialmente, se estima permitiría transformar o solo para a construción de 300 vivendas, das cales o 80 % estarán sometidas a algún réxime de protección pública
- Este proxecto enmárcase na Estratexia galega de solo residencial que ten en marcha a Xunta para desenvolver solo no cal facilitar a construción de 25.000 vivendas en Galicia, 20.000 protexidas e 5.000 libres
- Actualmente, a Xunta ten en tramitación dez PIA para desenvolver ámbitos de solo residencial en Pontevedra, Vigo (Ofimático), Vigo (Cantabria–Ramón Nieto), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela, Vilagarcía e Marín
- En paralelo, o Goberno galego xa ten en marcha, en diferentes fases de execución, preto de 3.000 fogares públicos, e no 2026 sumará 1.000 máis a ese cómputo

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde ao inicio da tramitación do expediente relativo á delimitación e declaración de interese autonómico das actuacións para habilitar solo residencial destinado a vivendas protexidas no concello do Porriño.

O visto e praxe a este trámite no Consello da Xunta ten por obxectivo a aprobación e a delimitación do ámbito de actuación identificado no planeamento xeral como solo urbanizable, localizado na zona próxima ao pavillón municipal de deportes do Porriño, dentro do polígono SUR-PPR-2, cunha superficie de 43.000m².

No ámbito escollido para o municipio do Porriño tívose en conta a delimitación recollida no PXOM sobre a base das edificacións residenciais ou infraestruturas existentes na contorna. Ademais, nos terreos inundables do sector SUR-PPR-2 incluídos na delimitación deste PIA prevese a creación de espazos libres e verdes vencellados ao río Cudeiro, respectando as especies autóctonas da zona.

Deste xeito, a delimitación proposta do PIA do Porriño ten unha superficie total de 4,3 hectáreas (43.000 m²) en que, inicialmente, se estima permitiría transformar o solo para a construción de 300 vivendas, das cales o 80 % serán protexidas (240 vivendas).

Estes proxectos enmárcase na Estratexia galega de solo residencial que ten en marcha a Xunta, co obxectivo de desenvolver solo en que facilitar a construción de 25.000 vivendas en Galicia, 20.000 protexidas e 5.000 libres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten en tramitación dez proxectos de interese autonómico (PIA) para desenvolver ámbitos de solo residencial en Pontevedra, Vigo (Ofimático), Vigo (Cantabria–Ramón Nieto), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela, Vilagarcía e Marín.

En paralelo, o Executivo autonómico tamén continúa avanzando no seu obxectivo de duplicar o número vivendas de promoción pública nesta lexislatura. A Xunta ten en marcha, en distintas fases de desenvolvemento, preto de 3.000 vivendas públicas, 900 xa en obras, e sumará no 2026 1.000 fogares públicos máis a ese cómputo.

Proposta de delimitación inicial para proxecto de interese autonómico:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ NO VINDEIRO ANO 13,5 M€ PARA O DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO PROGRAMA ENTRE O SERGAS E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA

- Mediante este contrato, que se incrementa nun 13,5 %, Medicina Xenómica comprométese a ofrecer rutas asistenciais que aseguren un acceso ás probas e diagnóstico xenético dos pacientes segundo criterios de accesibilidade, equidade, universalidade e calidade
- Os servizos asistenciais prestaraos a fundación de acordo coas peticións de análises xenéticas procedentes dos centros hospitalarios do Sergas e incluídos na carteira común de servizos do Sistema nacional de saúde
- Medicina Xenómica ofrece avaliación e asesoramento xenético para nenos e adultos con enfermidades xenéticas coñecidas ou sospeita delas
- Dentro do ámbito deste contrato programa, recóllense distintas accións específicas con financiamento e obxectivos concretos, como son o Programa de medicina personalizada 5P, o Programa GenES e o Proxecto Xenoma Galicia
- No presente ano, a previsión é superar os 39.000 informes xenéticos e no 2026 situarse por riba dos 40.000
- O novo contrato permitirá a redución no tempo de informado nas enfermidades complexas

O Consello da Xunta autorizou o contrato programa 2025-2026 entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a cobertura das necesidades en materia de análises e probas xenéticas e a implantación e desenvolvemento da carteira xenómica no ámbito do Sergas. Para tal fin, o Executivo galego destinará no vindeiro ano, 13.577.114 euros, o que supón un incremento do 13,5 %.

Mediante este contrato, a antedita fundación comprométese a ofrecer rutas asistenciais que aseguren un acceso ás probas e diagnóstico xenético dos pacientes segundo criterios de accesibilidade, equidade, universalidade e calidade, e atendendo aos protocolos de coordinación cos recursos asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

Os servizos asistenciais prestaraos a fundación de acordo coas peticións de análises xenéticas procedentes dos centros hospitalarios do Sergas, incluídas na carteira común de servizos do Sistema nacional de saúde.

As enfermidades hereditarias son problemas de saúde que se transmiten de pais a fillos ou que aparecen espontaneamente nun individuo e débense a alteracións nos xenes ou os cromosomas. Na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica realízanse as análises xenéticas e xenómicas para identificar esas alteracións, sendo esenciais na diagnose e prognose de enfermidades, como poden ser as enfermidades raras ou oncolóxicas, así como na selección de tratamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A dita fundación ofrece avaliación e asesoramento xenético para nenos e adultos con enfermidades xenéticas coñecidas ou sospeita delas.

Indicacións para a derivación

O proceso asistencial dos pacientes e familias con enfermidades de base xenética e hereditaria inclúe, entre outros, o asesoramento xenético e a realización de estudos xenéticos ou xenómicos.

As indicacións comúns para a derivación á consulta de asesoramento xenético xeneral inclúen atrasos no desenvolvemento ou problemas de aprendizaxe, defectos de nacemento, trastornos do crecemento, problemas de visión ou audición, distrofias musculares e trastornos metabólicos ou endócrinos.

Outras persoas que poden beneficiarse dunha avaliación xenética son aquelas que teñen unha condición xenética coñecida, familias que teñen varias persoas coa mesma condición e pais que están preocupados por transmitir unha condición aos seus fillos.

Ademais destas actividades asistenciais, e dentro do ámbito deste contrato programa, recóllense distintas accións específicas con financiamento, vixencia, condicións e obxectivos concretos. Estas actividades da fundación son o Programa de medicina personalizada 5P, o Programa GenES e o Proxecto Xenoma Galicia.

A fundación, en consonancia co Servizo Galego de Saúde, coordina a execución do programa 5P en Galicia, a través de diversas accións como a Estratexia de Oncoloxía de Precisión.

Polo que respecta ao Programa GenES, ten por obxectivo implementar a carteira común de servizos no ámbito da xenómica, garantindo o acceso e a atención a todas as persoas que o precisen, consolidando a medicina personalizada.

Pola súa parte, o Proxecto Xenoma Galicia, ten por reto principal constituír un banco de datos xenómico dispoñible para facer modelos de predición de risco e un biobanco de mostras biolóxicas para novos estudos, ambos dispoñibles para o colectivo investigador galego, sendo este proxecto un dos máis importantes a nivel mundial.

Estudos realizados

O número de estudos xenéticos realizados pola Fundación de Medicina Xenómica foi no ano 2024 de 38.035. No presente ano, a previsión é superar os 39.000 informes xenéticos e no 2026 a previsión é situarse por riba dos 40.000.

O novo contrato programa permitirá, ademais, a redución no tempo de informado nas enfermidades complexas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORMULA O APOIO Á MÚSICA AO VIVO NAS SALAS GALEGAS CUNHA NOVA CONVOCATORIA BIENAL DE AXUDAS

- Investiranse 400.000 euros nestas subvencións bienais para a programación de concertos nas salas galegas, que a partir de agora deberán ser solicitadas polas empresas promotoras ou organizadoras dos directos
- Búscase promover unha maior profesionalización na xestión destes fondos públicos e incentivar a coordinación entre os axentes do sector neste ámbito

O Consello da Xunta deulles hoxe o visto e prace ás novas bases das subvencións bienais para proxectos de programación musical nas salas privadas, que reformulan varios aspectos deste apoio público co fin de incentivar a coordinación e implicación de todos os axentes do sector —empresas promotoras, salas e artistas— no impulso profesional da música ao vivo galega e en Galicia, máis alá dos eventos de gran formato.

A convocatoria correspondente aos anos 2026 e 2027 conta cun investimento de 400.000 euros e establece unha serie de cambios relevantes respecto ao tipo de entidades beneficiarias e ás características das programacións subvencionables, en resposta ás necesidades transmitidas polos principais colectivos profesionais implicados neste ámbito, con que se consensuou esta reformulación.

As solicitantes destas axudas tramitadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais, que anteriormente recaían nas propias salas, deben ser agora empresas galegas que promovan servizos no ámbito da música ao vivo, incluíndo promotoras, managers, axentes e organizadoras de eventos, para o desenvolvemento de programacións de concertos de carácter profesional en salas privadas da Comunidade nos anos 2026 e 2027. Estas carteleiras deben constar dun mínimo de 10 actuacións en cando menos cinco destes locais e tres provincias.

Ata 50.000 euros por proxecto subvencionado

Esta liña diríxese exclusivamente á organización de ciclos de concertos nas salas privadas galegas, para os que cada entidade subvencionada poderá contar cunha achega de ata 50.000 euros.

Entre os puntos destacados das bases que se publicarán proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, sobresaen, así mesmo, o impulso da música galega e a presenza feminina nestes carteis, o establecemento dun caché artístico mínimo de 250 euros, a limitación para as promotoras solicitantes de non presentar unha programación con máis dun 20 % de formacións musicais da súa axencia ou o foco nos novos talentos, que deberán conformar o 20 % da proposta.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA O PROGRAMA DE SUBVENCÍONS AO AUDIOVISUAL GALEGO DE 2026 COAS CONVOCATORIAS PARA A ORGANIZACIÓN DE FESTIVAIS E A PROMOCIÓN DO TALENTO

A dotación para os certames do sector ascende a 310.000 euros, cun incremento do 3,3 % respecto á de 2025, mentres que a destinada á realización de curtametraxes e longas noveis conta cun investimento de 176.000 euros para 11 novas fitas

O Consello da Xunta autorizou hoxe as dúas primeiras convocatorias do programa de subvencións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao sector audiovisual galego para 2026, que arranca coas destinadas a cofinanciar a organización profesional de festivais e a promover o talento audiovisual.

A liña para certames audiovisuais dótese en 2026 con 310.000 euros, un 3,3 % máis que en 2025, continuando así coa tendencia ascendente que esta vía de apoio vén experimentando desde a súa creación en 2014.

A través dela, o Goberno galego contribúe á estabilidade do circuío galego de festivais audiovisuais de carácter profesional que, polas súas características, teñen un interese estratéxico para o sector. O importe máximo da axuda por evento subvencionado ascende a 50.000 euros.

Poden solicitar estas subvencións tanto persoas físicas e xurídicas privadas como entidades locais organizadoras de festivais, certames, semanas ou mostras que contén cunha duración mínima de catro xornadas e, cando menos, 20 proxeccións, ademais de ter realizado un mínimo de tres edicións consecutivas nos anos inmediatamente anteriores. Ademais, a proposta de programación dos eventos debe conter un cinco por cento de títulos ou cinco sesións de produción cinematográfica e/ou dirección galegas, entre outros requisitos.

Precisamente a promoción do talento galego é o principal obxectivo das subvencións á creación audiovisual, unhas das máis antigas e consolidadas do programa autonómico de axudas ao sector. En 2026, manteñen a súa dotación de 176.000 euros para contribuír á materialización de 11 novas curtas e longametraxes en versión orixinal galega e favorecer, así, a incorporación da nova creación ao sector profesional.

Con este investimento, apoiarase a realización de seis novas curtametraxes (modalidade A1) con 8000 euros por proxecto, a posprodución de dúas curtas (modalidade A2) con 4000 euros cada unha e a produción de tres longametraxes de dirección novel (modalidade B) con 40.000 euros por película.

Poderán solicitálas persoas físicas a cargo da dirección das fitas no caso da modalidade A1 e produtoras audiovisuais (empresas ou autónomos) nas outras dúas categorías.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESCENA PROFESIONAL GALEGA RECIBIRÁ 870.000 EUROS EN AXUDAS DA XUNTA PARA CREAR NOVOS ESPECTÁCULOS DE TEATRO, DANZA, CIRCO E MAXIA

- As bases da convocatoria para 2026 consolidan o incremento na dotación económica para esta liña de apoio ao sector, que experimentará o presente ano un incremento do 8,7 % respecto a 2024
- Mantense a reserva de 300.000 euros para subvencionar os proxectos plurianuais de ata tres compañías que acrediten unha década de traxectoria

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á convocatoria para 2026 de subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais á creación escénica, nas cales se consolida a dotación de 870.000 euros para a produción de novos espectáculos de teatro, danza, circo e maxia por parte de compañías profesionais galegas. A devandita liña de apoio aumentara este ano un 8,7 % a súa contía respecto a 2024 para favorecer especialmente os proxectos plurianuais das empresas con máis ampla traxectoria, circunstancia que tamén se mantén nas bases aprobadas hoxe.

Así, a modalidade cuarta destas axudas volverá contar con 300.000 euros, 100.000 euros máis que en 2024, para potenciar o traballo a medio prazo e a continuidade dos equipos e proxectos de compañías cun funcionamento de cando menos 10 anos e unha solidez acreditada. Deste xeito, poderán subvencionarse ata tres proxectos para o trienio 2026-2028 cun máximo de 100.000 euros cada un e un límite do 80 % sobre o orzamento subvencionable. As compañías adxudicatarias nesta categoría en 2025 foron Redrum Producións, a recente Premio Nacional de Circo Pistacatro Produtora de Soños e Producións Teatrais Talía.

Apartados para compañías emerxentes e para danza

Os demais tres grandes apartados previstos nas bases refírense a espectáculos de empresas de nova creación (modalidade 1), ao ámbito do teatro, novo circo e maxia (modalidade 2) e ao eido da danza e as artes do movemento (modalidade 3).

Na categoría para produción de teatro, circo e maxia, seguen a reservarse 400.000 euros para apoiar novas propostas, que poden acadar axudas de ata un 75 % do seu orzamento, cun límite de 60.000 euros por espectáculo. Outros 100.000 euros están destinados a montaxes de danza e artes do movemento, tamén ata o 75 % e cun máximo fixado en 37.500 euros. Para os proxectos de empresas de nova creación, a convocatoria destina unha partida de 70.000 euros cun límite de 20.000 euros por adxudicación e ata un apoio máximo do 90 % sobre o orzamento presentado.

A de creación escénica é a principal das liñas de subvención da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ao sector galego das artes escénicas, que en 2026 tamén contará con convocatorias específicas para a programación das salas privadas (nunha nova reformulación bienal que xa foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* o pasado 19 de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

novembro), para a organización de festivais do sector, para a distribución de espectáculos e para a contratación de compañías galegas mediante o programa Cultura no Camiño.

Os 870.000 euros adxudicados este ano contribuíron a levar ás táboas 30 novas montaxes (19 de teatro, sete de danza e catro de circo) a cargo tanto de compañías xa referenciais no panorama escénico galego como de artistas individuais emerxentes e de colectivos de recente fundación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AMPLÍA ATA MÁIS DE 11,5 M€ AS AXUDAS DOS PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO PARA FAVORECER AS OPORTUNIDADES LABORAIS DUNHAS 5.500 PERSOAS

- O Consello da Xunta autorizou hoxe un incremento de máis de 1,3 M€ no crédito da última convocatoria destas achegas, o que supón unha suba de case un 12 % e que permitirá desenvolver seis programas máis
- Deste xeito, serán en total uns 55 proxectos, 19 para desenvolver por concellos e 36 por entidades sen ánimo de lucro, o que permitirá atender un total dunhas 5.500 persoas desempregadas —100 por cada plan— durante un período de 12 meses
- As persoas beneficiarias destes programas reciben formación para o emprego e teñen a posibilidade de realizar prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas
- No último lustro, esta ferramenta permitiu a incorporación ao mercado laboral de máis de 8.000 persoas desempregadas e con ela impartíronse máis de 56.000 horas de formación co foco nas necesidades das empresas do territorio

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha ampliación de crédito de máis de 1,3 M€ para a última convocatoria de axudas destinadas á realización de programas integrados de emprego en entidades sen ánimo de lucro e concellos con que se melloran as oportunidades laborais das persoas sen emprego. Deste xeito, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración incrementa en case un 12 % a contía destes apoios aos cales destinará en total máis de 11,5 M€.

Esta suba do orzamento permitirá desenvolver seis programas integrados de emprego máis, que se suman aos 49 que foron concedidos co crédito inicial desta convocatoria, o que suporá unha previsión total de 55 proxectos, 19 para desenvolver por concellos e 36 por entidades sen ánimo de lucro. Deste xeito, ás 4.900 persoas beneficiarias dos plans aprobados co crédito inicial poderanse sumar con esta ampliación unhas 600 persoas máis, o que permitirá atender un total dunhas 5.500 persoas desempregadas —100 por cada plan— durante un período de 12 meses.

Estas persoas deben constar inscritas como desempregadas no Servizo Público de Emprego de Galicia e delas, como mínimo, deben ser inseridas no mercado laboral o 35 % durante a execución do proxecto. Todas elas reciben formación para o emprego e teñen a posibilidade de realizar prácticas profesionais non laborais en empresas (teñen que realizar estas prácticas un mínimo de 15 persoas) en consonancia co contido teórico-práctico das accións formativas e co fin de incrementar a súa inserción laboral. Ademais, durante todo o proceso formativo, o alumnado recibe orientación, asesoramento e información profesional e proporciónaselles técnicas de motivación para o emprego e intelixencia emocional, habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista. Cada proxecto contará cun equipo técnico especializado, cuxos custos salariais e de Seguridade Social serán subvencionados. Así mesmo, cubriranse os gastos derivados de desprazamentos, materiais e equipamentos técnicos, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Novidades da última convocatoria

Como novidade da última convocatoria, destináronse 2 M€ a plans específicos para persoas maiores de 52 anos, que se sumaron á reserva doutros 2 M€ orientada ás mulleres, que nos últimos anos representaron arredor do 60 % das persoas participantes. Tamén incorporou criterios de valoración renovados que apostan, entre outras, por propostas que integren tecnoloxías emerxentes como a IA ou o Big Data, e que estean en liña cos sectores industriais estratéxicos —metalmeccánico, automoción, naval, forestal-madeira, TIC, loxística, construción ou comercio— ou con altas taxas de colocación, entre elas, servizos socioculturais, sanidade, hostalaría ou ambiente.

Resultados dos PIE e consolidación do apoio da Xunta

Esta ampliación sumarase aos resultados acadados polos PIE nos últimos cinco anos, período en que permitiron a incorporación ao mercado laboral de máis de 8.000 persoas desempregadas cunha taxa media de inserción do superior ao 47 %. Neste tempo, téñense levado a cabo máis de 44.300 sesións individuais, nas cales os participantes reciben asesoramento e acompañamento personalizado para favorecer a súa inserción laboral. Ademais, impartíronse máis de 56.000 horas de formación en especialidades recoñecidas polo Servizo Público de Emprego Estatal —co foco nas necesidades das empresas do territorio—, incluíndo técnicas de motivación, competencias sociolaborais e preparación de entrevistas.

Neste sentido, a Xunta continuará afianzando o seu apoio aos PIE cun investimento de máis de 10 M€ o vindeiro ano co fin de optimizalos e aumentar as oportunidades de emprego. Esta ferramenta complétase con outras iniciativas que a Xunta continuará fortalecendo tamén en 2026, como a orde de Accións Formativas para persoas Desempregadas (AFD) e os obradoiros de emprego, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MANTÉN O ESFORZO NO CONTROL DO RENDEMENTO LEITEIRO PARA AXUDAR A MELLORAR A XENÉTICA E A CALIDADE DO LEITE NAS EXPLOTACIÓNS

- As axudas para estas tarefas, dotadas con 1 millón de euros para 2026, beneficiarán a Africores da Coruña, Lugo e Pontevedra, asociacións oficialmente recoñecidas na comunidade para este labor
- As actividades subvencionables serán todas aquelas destinadas a comprobar sistematicamente as producións e outras aptitudes funcionais das femias reprodutoras leiteiras, para a determinación do valor xenético e os méritos ou outras capacidades dos animais

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para eximir os beneficiarios (Africores) da obriga de constituír garantías nos anticipos que poidan recibir con cargo ás axudas para o control de rendemento leiteiro como entidades oficialmente recoñecidas para a realización destes labores. Unhas axudas destinadas a mellorar a xenética e a calidade do leite nas explotacións lácteas e que para o 2026 estarán dotadas cun total de 1 millón de euros, cantidade idéntica á da convocatoria anterior. Beneficiarán as Africores da Coruña, Lugo e Pontevedra, asociacións oficialmente recoñecidas na nosa comunidade. Desta forma facilítaselle a tarefa a estas entidades, ao non verse na obriga de constituír garantías (avais bancarios) á hora de xestionar as achegas.

Esta liña de axudas pretende compensar en parte, mediante achegas proporcionais, os gastos xerados ás entidades oficialmente recoñecidas para a realización do control leiteiro en Galicia, en atención aos importantes beneficios que o sector no seu conxunto recibe pola implantación xeneralizada deste sistema.

As actividades subvencionables para realizar polas entidades beneficiarias serán todas aquelas destinadas a comprobar sistematicamente as producións e outras aptitudes funcionais das femias reprodutoras leiteiras, para a determinación do valor xenético e os méritos ou outras capacidades dos animais, no marco dun programa de cría aprobado oficialmente para a raza.

O control de rendemento leiteiro ten unha influencia directa no porvir do sector lácteo galego como base da mellora xenética nos esquemas de selección e desde o punto de vista da sustentabilidade e rendibilidade económica das explotacións. Polo tanto, os beneficiarios últimos desta iniciativa son os propios gandeiros e, por extensión, os consumidores, xa que o control incide directamente na mellora da calidade final do produto. Ademais, as melloras xenéticas e tecnolóxicas que se logran grazas ao control de rendemento leiteiro benefician todo o subsector lácteo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 3,2 M€ EN 2026 PARA APOIAR ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN E PROMOCIÓN DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS GALEGOS AMPARADOS POR RÉXIMES DE CALIDADE

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe unha nova convocatoria destas axudas, así como a exención da achega de garantías para os beneficiarios, que poden ser agrupacións en que participan produtores acollidos a selos de calidade diferenciada
- As actividades subvencionables serán aquelas enmarcadas en proxectos de cooperación dirixidos a inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco destes réximes
- A Consellería do Medio Rural puxo á disposición do sector algo máis de 39 millóns de euros desde 2016 para seguir impulsado estas achegas en beneficio da industria agroalimentaria galega

A Consellería do Medio Rural convocará novamente en 2026 as axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agroalimentarios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores. En total, a convocatoria estará dotada cun orzamento de 3.241.241 euros, dos cales 2.241.241 se corresponden coa anualidade de 2026 e o millón restante para o 2027.

Estas achegas, concedidas ao abeiro do Plan estratéxico da política agraria común 23–27, teñen como posibles beneficiarios aquelas agrupacións en que participan produtores -entendidos como tales os titulares de explotacións agrarias e os das instalacións de transformación- de alimentos galegos acollidos aos diferentes réximes de calidade, isto é, denominacións de orixe protexidas (DOP), indicacións xeográficas protexidas (IXP), produtos ecolóxicos ou de artesanía alimentaria.

As actividades que poden ser subvencionables son aquelas enmarcadas en proxectos de cooperación dirixidos a inducir o consumidor a adquirir produtos incluídos no marco de réximes de calidade. En particular, as que se realicen no marco de accións promocionais, publicitarias ou de información e difusión dos requisitos técnicos dos réxime de calidade e coñecementos científicos relacionados con el.

A maiores, tamén se ten en conta a organización de misións comerciais directas ou inversas, a elaboración de plans estratéxicos, estudos técnicos, de mercado, de concepción e a creación de produtos dentro do marco definido no prego de condicións de cada réxime, así como a preparación de material divulgativo e de promoción. Por último, inclúense accións dirixidas á organización, o patrocinio e/ou a participación en foros, intercambio de coñecemento entre empresas, concursos, exhibicións, exposicións, feiras, visitas educativas e outros eventos.

Na reunión do Consello da Xunta de hoxe, en que se avaliou esta convocatoria, tamén se aprobou a exención da achega de garantías para os beneficiarios. Deste xeito, poderán cobrar pagamentos parciais sen ter que constituír garantía ningunha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para avalar as cantidades cobradas á conta. Esta facilidade que se lles presenta permitirá unha mellora dos posibles problemas de liquidez con que contan estas entidades para afrontar os gastos nas campañas de promoción, xa que se poden ir percibindo reembolsos antes de ter finalizada totalmente a acción.

39 millóns desde 2016

A Consellería do Medio Rural segue a apostar por estas axudas co fin de informar e promocionar os produtos agroalimentarios galegos amparados por réximes de calidade, poñendo á disposición do sector algo máis de 39 millóns de euros desde o ano 2016 para esta cuestión. Con estas achegas búscase mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor e a información que teñen os consumidores sobre estes produtos, así como favorecer a introdución nos mercados dos alimentos con calidade diferenciada e inducir o seu consumo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 7 M€ EN 2026 PARA SANIDADE ANIMAL CO OBOXECTIVO DE CONTINUAR PROTEXENDO O GANDO

- Estas actuacións permitirán manter e favorecer o status sanitario dos efectivos gandeiros, que actualmente se atopa nunhas condicións excepcionais
- Con este orzamento levaranse a cabo traballos de diagnóstico, toma de mostras e a súa posterior análise para detectar enfermidades que afecten os animais de explotación, correspondentes aos programas de erradicación de enfermidades como a tuberculose ou a brucelose
- Executaranse tamén programas de vixilancia de doenzas como a leucose enzoótica ou a perineumonía contaxiosa, así como o plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre
- O investimento destinarase á supervisión control e realización da limpeza, desinfección e desinsectación de explotacións gandeiras, ademais daquelas en que se leven a cabo baleiros sanitarios e o funcionamento dos centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte

A Consellería do Medio Rural contará no ano 2026 cun orzamento de algo máis de 7,1 millóns de euros para levar a cabo programas de sanidade e produción animal. Así o recolle o proxecto de acordo elevado hoxe ante o Consello da Xunta.

Estas actuacións permitirán manter e favorecer o status sanitario do gando galego, que actualmente se atopa nunhas condicións excepcionais. Nestes momentos Galicia está declarada de xeito oficial indemne a enfermidades como a brucelose bovina, ovina e cabrúa e a tuberculose bovina. Do mesmo xeito, continúa libre de leucose bovina ou de perineumonía bovina.

Deste xeito, poderán levarse a cabo traballos de diagnóstico, toma de mostras e a súa posterior análise para detectar enfermidades que afecten os animais de explotación, correspondentes aos programas de erradicación de tuberculose bovina e a brucelose bovina, ovina e cabrúa, entre outros. Tamén se executarán os programas de vixilancia de doenzas como a leucose enzoótica ou a perineumonía contaxiosa, así como o plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre. Estas actuacións executadas mediante encarga a Tragsatec complementáanse cos traballos que xa fan os servizos veterinarios oficiais de xeito ordinario.

A incidencia das enfermidades do gando en determinadas zonas, xunto coas características propias da produción, manexo, condicións e movemento dos animais, fan necesario adoptar medidas sanitarias que permitan minimizar o risco de contaxio e establecer o control destas. Ao respecto, este investimento destinarase tamén a supervisión, control e realización da limpeza; e a desinfección e desinsectación de explotacións gandeiras, estruturas anexas e lugares de concentración de animais que puidesen supor un risco para a transmisión e mantemento destas enfermidades. Así

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mesmo, neste orzamento tamén se inclúen actuacións para realizar en caso dun baleiro sanitario.

No mesmo senso, os vehículos de transporte son unha vía frecuente de propagación das enfermidades infecciosas do gando, polo que se levarán a cabo tamén tarefas de desinfección daqueles vehículos empregados para o transporte de animais nos centros de limpeza e desinfección dependentes da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 205.000 € AO ESTUDO INTEGRAL DA CALIDADE AMBIENTAL DOS SEDIMENTOS DOS BANCOS MARISQUEIROS DE FERROL

- Este novo proxecto de investigación impulsado polo Goberno galego levarao a cabo a Universidade de Santiago de Compostela en colaboración coas confrarías de Mugardos, Barallobre, e Ferrol
- O obxectivo é avaliar as variacións espacio-temporais da calidade dos ambientes sedimentarios e Identificar os factores locais que afectan a produción de bivalvos
- A actividade investigadora prolongarase ata o ano 2027 e dispón un investimento plurianual que supera os 200.000 euros

Hoxe o Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun proxecto de investigación para o estudo integral da calidade ambiental dos sedimentos en relación coa capacidade produtiva dos bancos marisqueiros de bivalvos na ría de Ferrol (BivaFerrol). Unha iniciativa enmarcada na rede de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos autonómicos, Redemar, e na cal colaboran as confrarías de Mugardos, Barallobre e Ferrol.

Esta acción ten como finalidade avaliar as variacións espacio-temporais da calidade dos ambientes sedimentarios e identificar os factores locais que afectan a produción de bivalvos. Para iso, está prevista a realización de mostraxes e análise dos sedimentos e as augas da ría. Tamén se recompilará a información relativa á evolución histórica da produción dos bancos marisqueiros e realizaranse mostraxes e análise dos sedimentos dos bancos marisqueiros. Por último, localizaranse parcelas no banco de Barallobre onde serán aplicados tratamentos, así como puntos de toma de datos para a monitorización ambiental da produción e desenvolvemento das poboacións de bivalvos.

Este acordo de colaboración establece un financiamento plurianual que supera os 200.000 euros destinada á actividade investigadora que se prolongará ata novembro do 2027. Unha acción que pretende xerar resultados respecto ás causas locais que repercuten na evolución da produción das zonas produtivas da ría de Ferrol. Ademais, procura implementar medidas de actuación capaces de reverter ou mitigar o impacto dos factores indetificados. Deste xeito, refórzase a sustentabilidade, resiliencia e competitividade da actividade marisqueira, estratéxica para a comunidade, nesta zona do litoral galego.

Impulso á investigación

O Goberno galego continúa reforzando a investigación como instrumento esencial para a procura de solucións aos problemas do sector marisqueiro. Nesta liña, esta acción está enmarcada na Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define as políticas de investigación e innovación da comunidade. Entre os seus obxectivos está o desenvolvemento dun modelo de xestión baseado na modernización dos sectores tradicionais galegos introducindo melloras na eficiencia e rendemento no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

uso dos recursos. Deste xeito, o proxecto contribúe a acadar un ecosistema científico máis aberto e integrado, fortalecendo unha investigación de calidade e impacto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MAR E FGE CONSOLIDAN GALICIA COMO REXIÓN PESQUEIRA LÍDER EN EUROPA, REFORZANDO A PARTICIPACIÓN NAS POLÍTICAS COMUNITARIAS

- A través do convenio de colaboración entre ambas as entidades e que inclúe a presenza dun traballador público na sede que a Fundación Galicia Europa ten en Bruxelas
- Este apoio permitirá á Xunta a adopción de decisións vantaxosas para os intereses do sector, aliñadas co contexto normativo, orzamentario e estratéxico europeo

O Consello da Xunta deu conta do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Galicia Europea para a presenza dun empregado público á sede que esta entidade ten en Bruxelas. Deste xeito, a Administración autonómica reforza Galicia como rexión marítima líder en Europa nun contexto xeopolítico determinante e que está motivado pola revisión da política pesqueira común e o deseño do novo marco financeiro 2028-2034.

Este escenario establece a necesidade de dar resposta ás necesidades laborais, de benestar e de sustentabilidade do sector, tanto por conta propia como allea, e ao conxunto das actividades que integran a cadea mar-industria, incluídos os ámbitos extractivo, acuícola e transformador.

Ademais, a PPC interactúa cun amplo conxunto de políticas e iniciativas europeas, como a gobernanza internacional dos océanos, o Pacto Verde Europeo, a Estratexia de Biodiversidade, as orientacións sobre planificación espacial mariña, a política comercial da UE ou a regulación relativa ao control pesqueiro e á loita contra a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada (INDNR)– que condicionan de maneira directa o desenvolvemento presente e futuro do sector pesqueiro galego.

Neste horizonte complexo, resulta esencial que Galicia participe activamente na configuración destas políticas para asegurar que reflicten adecuadamente a realidade, os retos e as necesidades dunha das rexións europeas con maior dependencia socioeconómica do mar.

Co fin de garantir unha participación activa, informada de xeito permanente e estratéxica, a Consellería do Mar considera oportuno ter a unha persoa que poida ter acceso á información e aos debates que se están a producir nas institucións da UE. Esta interlocución favorecerá unha comunicación continua coa Xunta e posibilitará unha intervención máis eficaz na toma de decisións nestas institucións.

En definitiva, facilitará a adopción de posicións fundamentadas e vantaxosas para os intereses do sector pesqueiro galego, plenamente aliñadas co contexto normativo, orzamentario e estratéxico europeo, reforzando así a capacidade da Administración autonómica para orientar e defender de maneira máis eficaz a súa acción política e estratéxica neste ámbito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A REDE CIGUS LOGRA CAPTAR MÁIS DE 221M€ EN PROXECTOS A PARTIR DUN INVESTIMENTO DA XUNTA DE 68M€

- Esta rede, conformada polos 10 centros de investigación universitarios máis excelentes de Galicia, foi creada en 2020 e conta con 1.600 profesionais, dos que a Xunta financia 1.445
- Aumenta a chegada de investigadores procedentes doutros países e comunidades autónomas, cun 46% só no 2024
- O Goberno galego apoia a 427 grupos que contan con 447 son científicos posdoutorais
- Vén de lograr un novo fito para a I+G+i ao captar un proxecto europeo de 11 M€ que permitirá contratar outros 40 profesionais posdoutorais

A Rede CIGUS, conformada polos 10 centros de investigación universitarios máis excelentes de Galicia, logrou captar desde a súa creación no 2020 máis de 221 M€ en proxectos competitivos, uns datos que amosan a capacidade da I+G+i. Así se desprende do informe analizado hoxe no Consello da Xunta, no que se fai balance da súa actividade e se afonda nos fitos máis recentes acadados.

Este modelo pioneiro en España, conformado por centros das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña, conta cunha achega da Xunta de Galicia de 68 M€, o que favorece o desenvolvemento estable da súa actividade científica. Concretamente, por cada euro investido na rede, retornan para Galicia tres euros.

Isto é mostra da aposta decidida do Goberno galego pola investigación e a innovación. De feito, na convocatoria actual, na que oito centros renovaron a súa acreditación e dous se incorporaron, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP incrementou nun 31% a súa achega. Este compromiso tamén se mostra no incremento do gasto en I+D, que segundo publicou a pasada semana o Instituto Nacional de Estatística, Galicia acada unha cifra récord de investimento neste eido ao superar por primeira vez os 1.000M€. O gasto neste eido volve incrementarse con máis forza en Galicia que no conxunto do Estado, en concreto tres puntos máis.

Na Rede CIGUS hai 38 spin-offs activas e desenvólvense 36 dos 47 proxectos que contan cunha das prestixiosas axudas do Consello Europeo de Investigación (ERC) en Galicia. En total, está conformada por 1.600 investigadores, dos que 1.445 contratos están financiados polo Executivo autonómico. Ademais, tamén se están apoiando 427 grupos de investigación -o maior número da historia do sistema galego- cun financiamento de 114 M€.

Neste sentido, cabe salientar que os centros de investigación da rede lograron captar máis do 46% de investigadores fóra de Galicia no ano 2024. Deles, o 35% proceden doutros países e o 11% do resto de España. Isto amosa un fluxo constante de talento cara a Comunidade, que se posiciona como un destino atractivo para desenvolver unha

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

carreira neste eido. Este aumento propicia que, en termos xerais, o 14% dos investigadores que traballan na Rede CIGUS procedan doutros países.

No que atinxe ao persoal posdoutoral, a Rede CIGUS suma 447 investigadores. Concretamente, 280 son financiados a través das convocatorias propias da Consellería cun investimento activo de 55,6M€, mentres que os 167 restantes proveñen dos programas estatais Ramón y Cajal e Juan de la Cierva que a Xunta cofinancia para facilitar a súa incorporación aos centros CIGUS.

O novo proxecto europeo Talentgal

Neste sentido, a eses 447 científicos sumaranse durante os vindeiros cinco anos outros 40 investigadores a través do proxecto europeo de 11 M€ que vén de lograr a Xunta de Galicia, en colaboración coas tres universidades públicas galegas, a propia Rede CIGUS e FEUGA. Por primeira vez, esta rede acada a concesión dunha iniciativa das Accións Marie Skłodowska-Curie (MSCA) COFUND. Dos 11 M€ totais, 5,6 M€ proceden m da Unión Europea e o restante do Goberno galego co apoio dos centros CIGUS.

Este proxecto supón un novo fito para a I+G+i ao incorporar novos investigadores para realizar traballos de investigación en áreas especializadas como biotecnoloxía, medicina, química, nanomateriais, TIC, enxeñaría ambiental, ciencias mariñas e físicas, entre outras. O proxecto impulsará a carreira investigadora e promoverá a integridade científica, a transferencia de coñecemento e o emprendemento.

Estes 40 posdoutorais recibirán formación complementaria en competencias transversais e apoio e mentoría personalizados, así como estadías obrigatorias en institucións académicas, empresas e administracións públicas, o que posibilitará ampliar aínda máis as súas oportunidades profesionais. A súa contratación articularase en dúas convocatorias internacionais abertas e os científicos seleccionados contarán con condicións altamente competitivas, así como con axudas de mobilidade, investigación, formación e apoio familiar.

Atracción e retorno do talento

Un dos obxectivos da Rede CIGUS é a atracción e retorno de talento investigador, polo que o programa Oportunius e a nova Fundación Galtia son dúas liñas clave na súa configuración. A través de Oportunius, que apoia aos investigadores máis excelentes da Comunidade que contan cunha axuda ERC, Galicia logrou multiplicar por catro o número de proxectos e logrando captar máis de 67 M€.

Agora, coa aprobación da Fundación Galtia para atraer a científicos do exterior de alto nivel, a Rede CIGUS tamén se beneficiará das convocatorias que permitirán achegar talento investigador a Galicia. Deste xeito, a nosa Comunidade ofrecerá unha traxectoria completa de desenvolvemento científico, posicionándoa como un lugar de referencia para a I+D+i a nivel internacional.

Os centros da Rede CIGUS

Os dez centros que forman parte da Rede CIGUS son cinco da Universidade de Santiago de Compostela, tres da Universidade de Vigo e dous da Universidade da Coruña. Pola

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Universidade de Santiago son o CIQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares), o IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías), o CIMUS (Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas), o CITIUS (Centro de Investigación Singular en Tecnoloxías Intelixentes) e o CRETUS (Centro de Investigación Interdisciplinar en Tecnoloxías Ambientais). Pola Universidade de Vigo son o AtlanTTic (Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación), o CINBIO (Centro de Investigación en Nanomateriais e Biomedicina) e o CIM (Centro de Investigación Mariña). Pola Universidade da Coruña son o CITIC (Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions) e o CICA (Centro de Investigacións Científicas Avanzadas).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA CONVOCOU ESTE ANO 76 CURSOS E MÁIS DE 1.600 HORAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE E PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Ademais de a todo o persoal empregado público da Comunidade, estes cursos estiveron dirixidos tamén ás persoas traballadoras dos centros de información á muller e aos profesionais de atención directa ás mulleres vítimas de violencia de xénero

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) convocou ao longo deste ano 76 cursos, que supoñen un total de 5.494 prazas e 1.640 horas de formación, en materia de igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero. Así se desprende do informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta sobre a formación da Escola neste eido.

Tal e como precisa o documento, ademais de a todo o persoal empregado público da Comunidade, estes cursos estiveron dirixidos tamén ás persoas traballadoras dos centros de información á muller (CIM) e ao resto de profesionais que atenden, directa ou indirectamente, as vítimas de todas as formas de violencia de xénero do Centro de Recuperación integral para Mulleres que sofren Violencia de Xénero (CRI), do Centro de Emerxencia para Mulleres en Situación de Violencia de Xénero (Cemvi), das casas de acollida, das oficinas de atención á vítima e á cidadanía de Galicia, así como ao persoal da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que presta servizos na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e na Dirección xeral de Promoción da Igualdade ou nas unidades administrativas de Igualdade dos departamentos territoriais das delegacións da Xunta.

Co obxectivo de abarcar as distintas dimensións e vertentes en materia de fomento da igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, cómpre salientar a ampliación neste 2025 de novos títulos como: prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero; políticas públicas para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e o acoso sexual por razón de sexo, orientación sexual ou identidade de xénero no ámbito laboral.

Adicionalmente, a EGAP ofertou un amplo programa específico nesta materia na modalidade de autoformación, co fin de favorecer o acceso aos contidos máis demandados. E puxo en marcha xornadas como *Recursos contra a violencia de xénero*, dirixida ás persoas responsables na materia designadas polas consellerías e organismos da Xunta; ou *Xornada de autocoidado*, relativa ao autocoidado do propio persoal dos servizos de atención.

Ademais, nas actividades impartidas abordáronse tamén temáticas de grande relevancia para as persoas que se atopan en contacto directo coas vítimas, como a saúde mental, a prevención de condutas suicidas, a protección xurídica das e dos menores en contextos de violencia, así como a prevención, detección e resposta fronte á trata de persoas e a explotación sexual, entre outras cuestións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O desenvolvemento destes cursos pon de manifesto o compromiso da Escola coa sensibilización e a capacitación do persoal empregado público nos distintos contidos relativos á promoción da igualdade e á prevención e loita contra a violencia de xénero, coa finalidade de integrar a perspectiva de xénero, con carácter transversal, nos diversos ámbitos da xestión pública, e que as administracións públicas de Galicia poidan ser parte activa no avance cara á consecución da igualdade real e efectiva e a erradicación da violencia de xénero na sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATA POR MÁIS DE 10,6 M€ AS OBRAS DE RENOVACIÓN DO FIRME EN 19 ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA AO SEU PASO POR 30 CONCELLOS GALEGOS

- As actuacións licitaranse nas vindeiras semanas en catro lotes distintos, un por provincia, tendo como obxectivo mellorar as características funcionais e a seguridade viaria en distintos treitos das vías autonómicas
- No caso da provincia da Coruña trátase da renovación do firme das vías da Xunta AC-841, AC-543, AC-960 e AC-261 ao seu paso polos municipios de Santiago de Compostela, Boqueixón, Touro, Teo, Ames, Rois, Lousame e Noia
- Na de Lugo, as intervencións centraranse nas estradas LU-021, LU-115 e LU-541, nos seus percorridos polos municipios de Lugo, Vilalba, Castro de Rei, Begonte e Outeiro de Rei
- Na provincia de Ourense as obras incluírán as estradas OU-102, OU-104, OU-105, OU-150, OU-320 e OU-537, no seu paso por Maceda, O Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Allariz, Taboadela, Ourense, Coles e Paderne de Allariz
- Intervirase nas estradas da provincia de Pontevedra: PO-548, VG-4.2, PO-224, PO-305, PO-316 e PO-223, ao seu paso polos concellos de Caldas de Reis, Cambados, O Grove, Pontecesures, Pontevedra, Ribadumia, Valga e Vilagarcía de Arousa
- Os traballos consistirán na rehabilitación superficial do firme das vías autonómicas, restaurando as características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé adxudicar estes contratos no primeiro semestre do 2026, para executalas tamén no vindeiro ano.
- A Xunta continúa a traballar na mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria
- O Goberno galego acadará de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica no 2026, con 71,6 M€

O Consello da Xunta acaba de darlle luz verde á contratación por máis de 10,6M€ as obras de renovación do firme en 19 estradas de titularidade autonómica ao seu paso por 30 concellos das catro provincias.

O obxectivo é mellorar as características funcionais das estradas da Xunta e seguridade viaria en distintos treitos, para o que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, as actuacións en catro lotes distintos, un por provincia.

Os traballos consistirán na rehabilitación superficial do firme destas estradas, con distintas actuacións, restaurando as características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade.

No caso da provincia da Coruña trátase de levar a cabo unha renovación do firme para o mantemento e conservación das estradas AC-841, AC-543, AC-960 e AC-261 ao seu paso polos municipios de Santiago de Compostela, Boqueixón, Touro, Teo, Ames, Rois,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Lousame e Noia. Esta intervención será licitada por un importe de 3.471.963 euros e contarán cun prazo de execución de catro meses.

No que corresponde á de Lugo, as actuacións de reforzo do firme centraranse nas estradas LU-021, LU-115 e LU-541, nos seus percorridos polos municipios de Lugo, Vilalba, Castro de Rei, Begonte e Outeiro de Rei. Neste caso, o contrato licitarase por un investimento de 2.673.385 euros e disporán dun prazo de execución de seis meses.

Na provincia de Ourense os traballos de contratación de acondicionamento do firme incluírán as estradas OU-102, OU-104, OU-105, OU-150, OU-320 e OU-537, ao seu paso polos concellos de Maceda, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Sandiás, Allariz, Taboadela, Ourense, Coles e Paderne de Allariz. Estas estradas presentan unha deterioración superficial do firme e as obras licitaranse por un importe de 2.344.117 euros e contarán cun prazo de execución de seis meses.

Finalmente, o contrato das actuacións para levar a cabo nas estradas da provincia de Pontevedra correspóndese coa mellora do firme nas estradas PO-548, VG-4.2, PO-224, PO-305, PO-316 e PO-223, nos seus percorridos polos concellos de Caldas de Reis, Cambados, O Grove, Pontecesures, Pontevedra, Ribadumia, Valga e Vilagarcía de Arousa. As obras serán licitadas por un investimento de 2.141.007 euros e disporán dun prazo de execución de seis meses.

En concreto, en todas as intervencións obxecto de contratación inclúese a rehabilitación superficial do firme destas estradas, con actuacións que incorporan a restauración ou mellora das características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade segundo a tipoloxía e necesidades de cada unha delas.

Así, as obras incluírán a reparación de zonas de firme danado mediante fresados localizados e reposición dunha capa de firme; selado de fisuras lineais con mestura bituminosa, renovación e homoxeneización da rodadura.

A maiores, segundo as necesidades das distintas vías autonómica, defínense unha serie de actuacións complementarias necesarias para a correcta execución dos traballos, como é a reposición de marcas viarias (liñas continuas e descontinuas, pasos de peóns, símbolos e resaltes) nos tramos onde se renove a capa de rodadura e nos tramos onde a xa existente perdeu as súas prestacións.

O departamento de Infraestruturas da Xunta segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.


A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé adxudicar estes contratos no primeiro semestre de 2026, para executalas tamén no vindeiro ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


O Goberno galego acadará de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica no 2026, con 71,6 M€, superando os 68,5 M€ dos orzamentos de 2025.

Plano de situación das estradas de titularidade da Xunta en que se intervirá:

Provincia da Coruña:




P



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Provincia de Pontevedra:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DUNHA NOVA SENDA NA AC-552 DESDE O CENTRO DE ARTEIXO AO NÚCLEO DE LAÑAS, CUN INVESTIMENTO TOTAL DE CASE 870.000€

- A través desta intervención de mellora da mobilidade peonil e de reforzo da seguridade viaria executarase un itinerario de algo máis de 1 quilómetro de lonxitude na marxe esquerda desta vía autonómica
- A senda disporá de pavimento podotáctil nos cruzamentos coas estradas municipais e nas paradas de autobús, e incluírase na mesma iluminación pública co obxecto de garantir a seguridade dos peóns no tránsito pola senda
- Na actuación inclúese o acondicionamento da parada de autobús situada no punto quilométrico 11+480 para mellorar a súa accesibilidade
- A previsión é licitar as obras nas vindeiras semanas para executalas no vindeiro ano, xa que contan cun prazo de execución de seis meses
- Este novo itinerario inclúese no novo Plan de sendas de Galicia, que programa nestes vindeiros anos a execución de máis de 120 quilómetros de itinerarios nas estradas autonómicas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación da execución das obras dunha nova senda na estrada autonómica AC-552 desde o centro de Arteixo ao núcleo de Lañas, dentro do mesmo municipio coruñés, que suporá un investimento total de preto de 870.000 euros.

Mediante esta nova intervención de mellora da mobilidade peonil e de reforzo da seguridade viaria, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas propónse executar este itinerario na marxe esquerda desta vía autonómica, no tramo comprendido entre os puntos quilométricos 11+215 e 12+355.

A nova senda discorrerá en paralelo á AC-552, mantendo o seu trazado ao longo de 1,06 km, cun ancho de senda de 2,5 metros, unha beiravía de 1,75 m e implantando unha franxa de xardín que funciona como separador, de ancho 1 m ou 1,25 m, dependendo do espazo dispoñible en solo público.

O pavimento da nova senda será de cor e utilizarase pavimento podotáctil nos cruzamentos coas estradas municipais e nas paradas de autobús.

No proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, inclúese o acondicionamento da parada de autobús situada no punto quilométrico. 11+480 para mellorar a súa accesibilidade.

Ademais, para reducir a ocupación dos noiros execútanse 3 tramos de muros de cachotaría que se sitúan entre os puntos quilométricos. 11+518 a 11+613, 11+840 a 11+875 e 12+160 a 12+186.

Co obxecto de garantir a seguridade dos peóns no tránsito pola senda, o proxecto para desenvolver completárase coa inclusión de iluminación pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na intervención, inclúese tamén un sistema de rega para o mantemento dos xardíns e actuacións imprescindibles para a funcionalidade da senda como a execución de sistemas de drenaxe, de augas pluviais, execución dun prisma para telecomunicacións baixo a senda que evite que no futuro teña que ser alterada, e a reposición daqueles servizos que poidan verse afectados polas obras.


A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará as obras nas vindeiras semanas, co obxectivo de executalas no vindeiro ano. A intervención ten un prazo de execución de 6 meses.

Esta nova intervención seguirá os criterios de accesibilidade e de integración paisaxística utilizados no Plan de sendas de Galicia para os itinerarios das estradas autonómicas.

O Goberno galego segue así a traballar na continuidade ao Plan de sendas de Galicia, a través de cuxa estratexia téñense posto xa en servizo máis de 300 quilómetros de itinerarios peonís e ciclistas, aos cales se engadirán nos vindeiros anos outros 120 quilómetros novos.

A execución desta nova senda é susceptible de financiamento con fondos europeos FEDER 21/27.

Plano de situación da nova senda:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 60 M€ EN 2026 NA CONSTRUCCIÓN E REFORMA DAS INFRAESTRUTURAS SANITARIAS DE ATENCIÓN PRIMARIA

- Rueda salienta que está previsto “o inicio das obras dos novos centros de Muíños e Boborás” así como continuar as das novas instalacións de Vilagarcía de Arousa, A Rúa ou A Milagrosa, en Lugo
- Anuncia que o CIS Olimpia Valencia de Vigo atenderá os seus primeiros pacientes “no primeiro trimestre do vindeiro ano”, tras unha actuación que superará os 15 M€
- Nos vindeiros meses entrarán tamén en servizo os centros de saúde de Conxo (Santiago), Moaña e Abegondo, cuxas obras se atopan próximas ao remate
- Na actualidade, o Executivo galego está a executar actuacións en 10 centros de saúde
- Resalta que desde o ano 2009, “a Xunta dedicou máis de 162 M€ a construción ou reforma de 138 centros de saúde de toda a comunidade”

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello deu hoxe o visto e prace a “destinar case 60 millóns de euros durante 2026 á construción e reforma de centros de Atención Primaria en toda a comunidade”.

En concreto, tal e como explicou o presidente, está reservada unha partida de 59,8 millóns de euros para “iniciar as obras dos novos centros de Muíños e Boborás”, “continuar as actuacións nos centros de Vilagarcía de Arousa, A Milagrosa (Lugo) e A Rúa” así coma avanzar nos trámites para licitar traballos en Meis, Teo ou Ponteareas.

Ademais, o Consello avaliou un balance das obras que se están levando a cabo neste momento. O departamento sanitario está a traballar nun total de 36 actuacións coas que se mellorará a calidade asistencial da poboación galega. Neste senso, 10 destes proxectos xa iniciaron a execución das súas obras, mentres que os restantes 26 se atopan en diferentes fases administrativas previas aos traballos construtivos (cesión de terreos, redacción de proxecto, fases de licitación/adxudicación etc...).

Entre estas actuacións, Rueda salientou o CIS Olimpia Valencia de Vigo que, tras finalizar a súa obra e ser recepcionada, “está previsto que atenda os seus primeiros pacientes durante o primeiro trimestre do ano 2026”, logo de concluír as probas e incorporar o seu equipamento. O Goberno galego investiu máis de 15 millóns de euros para dotar a cidade olívica dun novo centro en que se integrarán e ampliarán os servizos sanitarios dispoñibles.

Así mesmo, as obras dos centros de saúde de Conxo (Santiago de Compostela), Moaña e Abegondo atópanse próximas ao seu remate. Neste sentido, Rueda indicou que está previsto “a súa posta en marcha no primeiro trimestre de 2026” (no casos dos centros compostelá e moañés), e na segunda metade do vindeiro ano, no caso do centro de saúde do concello coruñés.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pola súa banda, a construción das novas infraestruturas de atención primaria para os concellos da Rúa e de Vilagarcía de Arousa continúan a bo ritmo e o inicio das obras dos centros de saúde de Muíños e Boborás é inminente.

Entre os proxectos máis salientables da rede sanitaria pública galega tamén destaca a reforma integral que se está a acometer no centro de saúde da Milagrosa en Lugo, ou o do novo centro de saúde de Santa Lucía na Coruña.

Seguindo unha orde cronolóxica e, de acordo ao seu grao de desenvolvemento, os novos centros de atención primaria para os concellos de Barro, Noia e Meis está neste momentos en fase de redacción de proxectos e o centro de saúde de Becerreá xa acadou a fase de licitación.

Con cargo aos orzamentos do ano que vén, ademais de continuar coas actuacións postas en marcha, está previsto licitar os proxectos de numerosos centros de saúde, entre os que destacan os de Mos, Teo, Soutomaior e Ponteareas. O obxectivo é avanzar no mesmo sentido no caso dos centros de saúde de Carballo, Ribadeo ou O Carballiño.

Investimento de 62,3 millóns de euros en 10 centros de saúde

O compromiso da Xunta coa mellora das infraestruturas da atención primaria fica reflectido no investimento de 62,3 millóns de euros que neste momentos ten mobilizados para reformar ou construír 10 novos centros de saúde na comunidade en galega.

Dun xeito desagregado, o Executivo destina unha partida de 2,7 millóns de euros para construción do novo centro de saúde de Abegondo; outros 5,6 M€ para o centro de Saúde de Santa Lucía (A Coruña); 4,6 M€ á reforma integral do centro de saúde de Conxo (Santiago de Compostela); 2,8M € para o CS da Rúa; un investimento de 17,8 para o novo centro de saúde de Vilagarcía de Arousa e unha partida de 14,2 millóns de euros no Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia de Vigo. Tendo en conta o mobiliario e o equipamento, o investimento neste centro de saúde superará os 15 millóns.

Do mesmo xeito, o centro de saúde de Moaña suporá un investimento de 8,3 M€; a reforma do centro de saúde da Milagrosa (Lugo) conta cun orzamento de máis de 3 millón de euros; e os centros de saúde de Boborás e de Muíños contarán cun investimento de 1,8 M e 1,2M de euros, respectivamente.

Rueda salientou que, desde o ano 2009, "a Xunta destinou máis de 162 millóns de euros á construción e reforma de 138 centros de saúde". En concreto, o Executivo autonómico construíu 52 novos centros de saúde en toda a comunidade, por un importe que superou os 140 millóns de euros. Así mesmo, tamén realizou reformas noutros 27 centros sanitarios da atención primaria galega, cunhas intervencións que acadaron os 19,2 M€. Ademais, o Executivo galego financiou a reforma de 59 centros de titularidade municipal por un importe de 2,1 M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O COMPROMISO DA XUNTA COA DETECCIÓN PRECOZ DA VIOLENCIA DE XÉNERO MEDIANTE O CRIBADO DO SERGAS, CON MÁIS DE 1.300 ENTREVISTAS REALIZADAS ESTE ANO E A ATENCIÓN A 32 MULLERES

- Salienta a importancia do labor do persoal dos centros de saúde que “observen algún síntoma de alerta”
- Explica que o cribado consiste nunha enquisa que se pode realizar a todas as mulleres maiores de 15 anos cando acoden á consulta
- Máis de 51.000 profesionais da sanidade pública contan con formación básica en violencia de xénero

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, salientou hoxe a “tolerancia cero” do Goberno coa violencia de xénero e explicou que o Executivo autonómico avanza na súa detección precoz a través do cribado que realiza o Servizo Galego de Saúde, “co que se fixeron entrevistas a máis de 1.300 mulleres no que vai de ano e que permitiu prestar atención a 32 mulleres con risco de ser vítimas”.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe sobre os resultados deste cribado desenvolvido pola Consellería de Sanidade nos centros de saúde co obxectivo de “poñer en marcha un protocolo” e establecer pautas que guíen a busca activa de mulleres que poidan sufrir esta situación.

O cribado, tal e como explicou Rueda, consiste na realización dunha breve enquisa validada cientificamente a calquera muller a partir de 15 anos cando acode a unha consulta cos distintos profesionais sanitarios dos centros de atención primaria e estes “observan algún síntoma de alerta”. En caso de resultar o cribado negativo, repetiríase aos dous anos.

“Os profesionais sanitarios informan á paciente sobre os seus dereitos e a asesoran sobre os pasos a seguir; emiten un parte de lesións no caso de ser preciso, que se remite aos xulgados; avisan aos pediatras se hai fillos menores; e rexistran a situación no historial clínico”, especificou o presidente do Goberno galego.

Desta forma, a Xunta valora a relevancia da identificación de vítimas por parte dos profesionais sanitarios porque a consulta ofrece unha contorna de seguridade e de confianza. Ademais, saber que na sanidade pública se realizan cribados transmite o compromiso institucional permanente na loita contra a violencia de xénero.

Así, o cribado estenderase a medida que avance a implantación da última versión da historia clínica electrónica Ianus5, que no primeiro semestre de 2026 terán dispoñible 2.000 profesionais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, a Consellería de Sanidade segue as indicacións da Organización mundial da saúde cando destaca o papel do persoal sanitario na detección e prevención da violencia de xénero. De feito, remarca que, contra a crenza popular, non se debe ter medo a preguntar por esta cuestión xa que as mulleres vítimas de violencia de xénero habitualmente están dispostas a contar que sofren malos tratos e agardan que alguén as escoite.

Neste sentido, o procedemento de cribado lembra que escoitar é un acto terapéutico de primeiro nivel. Ademais, cita indicadores de sospeita baseados na actitude da muller e tamén na exploración clínica.

Por unha banda, se amosa unha actitude evasiva, nerviosa ou medorenta, se mostra trazos de baixa autoestima, vestimenta que poida intentar ocultar lesións ou se lle resta importancia ás súas lesións.

Por outra, se ten hematomas en distintos procesos de curación, lesións como rotura de tímpano, síntomas como insomnio, depresión, cefaleas, cervicalxia, molestias gastrointestinais, dificultades respiratorias, aborto espontáneo ou atraso na atención prenatal que poidan ser consecuencia de malos tratos durante o embarazo.

Atención específica

A Xunta regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma e, desde que en 2017 se estableceu a obriga de contar cunha formación básica neste sentido por parte do persoal do Servizo Galego de Saúde, son 51.809 os profesionais que a realizaron. Deles, máis de 28.000 é persoal sanitario e preto de 23.800, profesionais non sanitarios.

Ademais do cribado de detección precoz de violencia de xénero, a sanidade pública conta tamén con procedementos específicos para a atención a vítimas de agresión sexual e a vítimas de submisión química, do mesmo xeito que o Servizo Galego de Saúde conta cun protocolo para garantir a protección das mulleres en situación de violencia de xénero nos centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde.

O Goberno galego reforzou a relación entre a atención social e a sanitaria ás vítimas coa entrada en funcionamento dos centros de crise 24 horas. Estes servizos públicos emprazáronse estratexicamente preto dos centros hospitalarios para evitar unha dobre vitimización e dar unha resposta máis áxil e completa.

Para apoiar as vítimas de violencia de xénero, a Xunta dispón de apoios económicos, tanto axudas periódicas como de pago único; atención xurídica e psicolóxica gratuíta; solucións habitacionais e oportunidades para as mulleres e os seus fillos, a través da Rede galega de acollemento; ou axudas a entidades sociais e concellos para favorecer a súa contratación e independencia económica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COORDINARÁ POR PRIMEIRA VEZ OS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN E OS PROGRAMAS FORMATIVOS PARA FACILITAR AOS SEUS PARTICIPANTES A INSERCIÓN NO MERCADO LABORAL

- O Consello analizou un informe sobre a iniciativa *Galicia Suma Talento: Emprégate*, dotada con 19,7 M€ e que se alíña coa renovación integral das políticas activas de emprego para potenciar a empregabilidade e axustarse ao que demandan as empresas
- Este programa incluírá incentivos para a contratación indefinida de persoas desempregadas que nos últimos dous anos remataran accións de AFD, obradoiros de emprego, PIEs ou un contrato formativo do programa de 1º experiencia profesional
- Ademais, co foco na atracción de talento do exterior, por primeira vez nun programa deste tipo a axuda ao centro de traballo poderase incrementar nun 25% no caso de que a persoa a contratar superase os estudos vinculados ás BEME nos 2 anos previos

Dentro da renovación integral das políticas activas de emprego, a Xunta coordinará por primeira vez os incentivos á contratación coas accións formativas co obxectivo de facilitar ás persoas participantes nestes programas a súa inserción no mercado laboral galego. Deste xeito, o programa *Galicia Suma Talento: Emprégate*, dotado con 19,7 M€, supón un primeiro paso en priorizar nas liñas autonómicas de apoio á contratación ás persoas formadas previamente nos programas de formación impulsados pola Xunta co obxectivo de pechar o círculo da empregabilidade. É dicir, unha persoa desempregada recibe unha formación flexible e axustada ao que están a demandar o tecido produtivo e despois sae ao mercado laboral cun “peto” de apoio público que facilite a súa contratación.

Neste sentido, este programa, que será lanzado no comezo de 2026 tal e como foi referendado no informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta, incluírá incentivos pioneiros para a contratación indefinida daquelas persoas desempregadas que nos últimos dous anos remataran accións de AFD, obradoiros de emprego, programas integrados de emprego —aos que se destinarán 1,5 M€— ou un contrato formativo ao abeiro das axudas de 1ª experiencia profesional —cun orzamento neste caso de 1 M€—. Ademais, por primeira vez nunha iniciativa deste tipo, a axuda ao centro de traballo poderase incrementar nun 25% no caso de que a persoa a contratar superase os estudos vinculados ás Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME) nos 2 anos previos. Esta acción enfócase na captación de talento exterior no marco da estratexia autonómica neste eido.

Con este novo enfoque nos apoios á contratación de persoas desempregadas con maiores dificultades de inserción laboral, a Xunta busca avanzar na eficacia das políticas activas de emprego tendo en conta a realidade cambiante do mercado laboral, axustando o modelo ás necesidades das persoas traballadoras e ao que demandan as empresas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outras novidades e detalles deste novo modelo de apoio á contratación

Outra das novidades dentro deste modelo radica en optimizar a inserción das mulleres con máis dificultades de acceso ao mercado laboral. Neste sentido, potencianse as axudas para a contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero e da trata de seres humanos ou con fillos/as menores de 3 anos desempregadas por terse dedicado ao coidado. Deste xeito, a achega por muller contratada chegará aos 10.000 euros.

Esta convocatoria de achegas publicárase no DOG a comezos de 2026 e con ela a Xunta prevé promover a contratación indefinida estimada dunhas 2.500 persoas desempregadas pertencentes aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral. É dicir, a mocidade, mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou vítimas de trata de seres humanos, con fillos menores de 3 anos, en ocupacións masculinizadas, persoas paradas de longa duración, maiores de 52 anos, persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras e persoas con discapacidade ou en risco exclusión social. Neste sentido, está dirixida ás persoas empregadoras e empresas, incluídos os autónomos e as sociedades civís, así como as entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

Importes por colectivo

Así, dos preto de 20 M€ cos que contará o programa *Galicia Suma Talento: Emprégate*, ademais dos casos novidosos mencionados anteriormente relativos a persoas desempregadas que nos últimos 2 anos remataran accións de AFD, obradoiros de emprego, programas integrados de emprego ou un contrato formativo das axudas de 1ª experiencia profesional, 4 M€ dirixiranse á empregabilidade da xuventude no marco da estratexia global Mocidade Activa e para as mulleres vítimas de violencia de xénero e/ou vítimas de trata de seres humanos e mulleres con fillos menores de 3 anos, o importe consignado será de 2,5 M€. Ademais, destinaranse 1,2 M€ a impulsar a presenza de mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados. Para incentivar a contratación dos parados de longa duración e persoas de máis de 52 anos o orzamento será de 3 M€, outros 3 M€ para persoas con discapacidade ou risco exclusión social e a mesma cantidade tamén para persoas emigrantes retornadas e estranxeiras. A isto engadiranse 500.000 € para todas as persoas en entidades sen ánimo de lucro.

As contías das axudas por persoa contratada poderán oscilar entre os 6.000 e os 14.500 €, sendo a máxima posible de 17.000 € no caso de aplicarse todos os incrementos relativos a casuísticas como que o centro de traballo estea nun concello rural, entre outras. Así mesmo, *Galicia Suma Talento: Emprégate* inclúe incentivos para a transformación de contratos de tempo parcial a completo, para a adaptación de postos de traballo para as persoas con discapacidade e para o incremento de duración dos contratos fixos discontinuos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA 'PRATO DE MERCADO' PARA POTENCIAR AS PRAZAS DE ABASTOS COMO REFERENTES DE CALIDADE E PROXIMIDADE DA MAN DE RECOÑECIDOS CHEFS GALEGOS

- O Consello da Xunta deu luz verde a esta nova iniciativa de comercio de atracción destinada a fortalecer a conexión entre as prazas e mercados de abastos de Galicia co talento de chefs galegos de referencia, principais clientes destes espazos
- O proxecto botará a andar mañá, 25 de novembro, cun acto na praza de abastos de Santiago que reunirá a case 40 chefs galegos en apoio á iniciativa e a celebración da xornada 'O futuro dos mercados tradicionais: innovación e tradición'
- A cita servirá de punto de encontro para os 76 alcaldes e alcaldesas dos municipios que acollen as 95 prazas de abastos e mercados da Comunidade co obxectivo de afondar nas sinerxías entre as diferentes administracións e os sectores implicados
- O programa forma parte das accións incluídas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030 e continuará ao longo de 2026, durante o cal está prevista a realización de diferentes *showcookings* en mercados de toda Galicia
- En paralelo, a Xunta continúa a avanzar no seu obxectivo de consolidar a Rede de Mercados Excelentes e reforzará en 2026 as liñas de apoio destinadas á dinamización e revitalización das prazas de abastos, cun investimento de preto de 4,5 M€

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao novo proxecto Prato de Mercado, unha iniciativa de comercio de atracción destinada a fortalecer a conexión entre as prazas e mercados de abastos de Galicia co talento de *chefs* galegos de referencia, principais clientes e prescriptores destes espazos á hora de crear os seus pratos. Grazas á implicación destes profesionais, o programa busca consolidar as prazas e mercados como escaparates do mellor produto de calidade, fresco e de proximidade, e poñer en valor a relación directa entre cociña e mercado.

O proxecto botará a andar mañá, 25 de novembro, cun dobre acto na praza de abastos de Santiago. Pola mañá celebrarase unha acción de visibilidade que reunirá a case 40 chefs galegos en apoio á iniciativa. Pola tarde terá lugar a xornada *O futuro dos mercados tradicionais: innovación e tradición*, unha cita que servirá de punto de encontro para os 76 alcaldes e alcaldesas dos municipios que acollen as 95 prazas de abastos e mercados da Comunidade, afondando na colaboración entre as diferentes administracións.

Durante o evento —que inclúe ponencias e mesas de diálogo— presentarase oficialmente Prato de Mercado e proxectarase un vídeo en que preto dunha vintena de cociñeiros e cociñeiras amosan o seu día a día realizando a compra nos mercados en que habitualmente se abastecen para os seus restaurantes, salientando a variedade, calidade e prezo que ofrecen os produtores locais e do que tamén poden gozar as persoas nas súas casas. Ademais, o acto pechará cos diálogos *De cociña e mercado*, coa degustación e presentación das elaboracións Prato de Mercado da man da *chef* Lucía Freitas, propietaria do restaurante A Tafona.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este arranque marcará o inicio dun programa que continuará ao longo de 2026, durante o cal está prevista a realización de diferentes *showcookings* en mercados de toda Galicia. O obxectivo destas accións será reforzar o papel das prazas de abastos como motores de dinamización do territorio e xeradores de emprego e riqueza local nas súas contornas.

Prato de Mercado forma parte das máis de 70 accións incluídas no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, dotado con máis de 320 millóns de euros, e complementase con outras accións de promoción xa consolidadas, como Quere o teu mercado, que na edición de maio contou coa participación de máis de 2.550 profesionais de 63 mercados galegos. Ademais, coincide coa recente da nova imaxe do Comercio Galego, unha marca distintiva coa que o Goberno autonómico busca enxalzar a identidade e excelencia dos comercios de proximidade.

Pulo á Rede de mercados excelentes

En paralelo a esta iniciativa, a Xunta continúa a avanzar no seu obxectivo estratéxico de consolidar a Rede de mercados excelentes de Galicia e de impulsar o selo Mercado Excelente, coa meta de acadar 25 recoñecementos de aquí a 2030. Este distintivo distingue aquelas prazas de abastos e mercados que destacan por parámetros de modernidade, innovación e dinamización, capaces de responder os novos retos do comercio actual sen renunciar á autenticidade e tradición que os converten en piares fundamentais da vida económica e social das vilas e cidades galegas. Para contribuír a este obxectivo, a Xunta reforzará en 2026 as liñas de apoio destinadas á dinamización e revitalización das prazas de abastos, cun investimento próximo aos 4,5 millóns de euros. Estas achegas están orientadas tanto ao mantemento e mellora dos mercados xa recoñecidos como á diagnose, formación, rehabilitación e dinamización daqueles que aspiran a obter o selo.

Ademais, seguirán consolidándose outras medidas para impulsar a revitalización do comercio local, entre elas as axudas para a transformación dixital e modernización do sector comercial e artesanal, dotadas con 4 millóns de euros, e as destinadas á dinamización das áreas comerciais de interese, cunha achega de 2,7 millóns. Xunto a isto, promoveranse iniciativas innovadoras de comercio de atracción como o proxecto Vilas Vivas, que busca recuperar contornas comerciais urbanas senlleiras e que iniciará en Ribadavia durante a ponte de decembro; ou o programa Localízate, dirixido a fomentar a incorporación da mocidade ao comercio de proximidade. A súa segunda edición xa está en marcha, cunha participación de 2.225 rapaces e rapazas de preto de cincuenta centros educativos de toda Galicia, e culminará no segundo trimestre de 2026 cunha serie de xincanas nas rúas e mercados das sete cidades galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O BONO PEIXE FINANCIÓU MÁIS DE 500.000 COMPRAS DE PEIXE E MARISCO E SUPUXO UN INCREMENTO NAS VENDAS DE ATA O 13 %

- O comercio ambulante foi o que aplicou un maior desconto medio, de 7,5 € por venda, sensiblemente superior ao aplicado polos hipermercados que acadou os 4,4 €
- Os establecementos das sete grandes cidades galegas absorberon preto da metade do gasto, ao abeiro desta iniciativa autonómica de promoción e incentivo do consumo
- Na primeira edición deste programa participaron 751 establecementos, localizados en 139 municipios, e máis de 146.000 consumidores, que representan o 6 % da poboación galega

O Consello da Xunta analizou o informe de balance da primeira edición do programa de dinamización e incentivo do consumo de peixe e marisco frescos a través dos Bonos Peixe. O documento debulla con detalle o impacto desta medida pioneira para reverter o progresivo descenso da presenza dos alimentos do mar na cesta da compra. Así, esta acción, á cal o Goberno galego destinou 2,5 millóns de euros, permitiu financiar máis de 500.000 operacións por valor de 11 millóns de euros.

Nas dez semanas que estivo vixente, tivo un impacto positivo nas vendas dos máis de 750 establecementos adheridos en toda a comunidade, que medraron ata un 13 %. Os comercios consultados destacaron un maior impacto nos clientes non habituais e a fidelización dos frecuentes, confirmando unha inercia positiva na evolución das vendas en semanas posteriores ao final do programa. Tamén un maior valor das compras dos máis de 146.000 consumidores beneficiarios do programa, o 6 % da poboación galega, respecto aos que non o utilizaron de ata o 4,8 %, cun gasto medio por bono de 17,10 euros.

Nesta liña, as vendas realizadas polo comercio ambulante foron as que rexistraron un maior desconto medio por operación de 7,5 euros, que contrasta cos 4,4 euros dos hipermercados. Isto ten a súa explicación nas diferenzas de valor medio das compras, que acada os 36,60 euros no primeiro caso, e no segundo redúcese ata os 21,32 euros. Os supermercados aplicaron máis do 52 % dos bonos cun desconto acumulado de 3.329 euros por establecemento. Os locais establecidos nas provincias máis poboadas, Pontevedra e A Coruña, concentran o 83,3 % do importe total dos descontos.

Os datos tamén reflicten a distribución dos 139 municipios da comunidade con establecementos adheridos e revelan que preto da metade dos descontos aplicados están concentrados nas sete principais cidades galegas con máis de 1,2 millóns de euros. Entre estas urbes, Vigo sitúase como a que concentra o maior número de establecementos con 106 locais, que representan o 14 % do total, e que rexistrou, xunto con Pontevedra, o maior desconto medio por persoa con máis de 18 euros. Por detrás Ferrol con 16,38, A Coruña con 16,23 e Ourense con 16 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Perfil do consumidor

O desconto medio por persoa beneficiaria foi de 17,1 euros, cun uso do bono máis frecuente en mulleres que en homes, predominando o tramo de idade de 45-64 anos. Pola contra, a poboación máis nova, de 18-34 anos, aínda sendo os que fan un menor uso do bono, experimentaron unha maior participación no programa cun uso cada vez mais intenso a medida que avanzou este. Así, conséntase que o programa deu cumprimento aos obxectivos marcados, estimulando as vendas de produtos do mar, dinamizando o comercio retalista, recuperando o habito de consumo de peixe e atraendo novos consumidores de peixe e marisco frescos.